

CONTEXTO HISTÓRICO-SOCIAL E CULTURAL DA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE

1. INTRODUCCIÓN

2. A NIVEL MUNDIAL

3. EN ESPAÑA

4. QUE PASA EN GALICIA?

4.1. O AGRARISMO

4.2. O NACIONALISMO

4.3. O GALEGUISMO

4.4. A DÉCADA DOS 60

4.5. A DÉCADA DOS 70

4.6. A DÉCADA DOS 80

4.7. A DÉCADA DOS 90 E COMEZOS DO SÉCULO XXI

5. CONCLUSIÓN



1. INTRODUCCIÓN

Neste tema coñecerás ou talvez descubrirás dunha maneira bastante concisa os acontecementos históricos máis importantes do século XX.

Estes feitos históricos, sociais, culturais e económicos van influír na vida dos autores a estudar, e como non a través da lectura das súas obras poderemos afondar máis neles ou incluso descubrir cal era a visión desa sociedade que lles tocou vivir a cada un.

Tal é o caso da emigración que Castelao tan ben soubo plasmar nos seus debuxos do *Álbum Nós*, ou a visión da guerra civil e concretamente dos paseados que Carlos Casares nos deixou no seu libro *Os mortos daquel verán*, ou incluso coñecer como era a sociedade ourensán por medio da lectura da *Esmorga* de E. Blanco Amor.

E como dicía F. Pessoa “*mudan os tempos, mundan as vontades*”, e así a nosa literatura vai cambiando, coma todo, co paso do tempo.

2. A NIVEL MUNDIAL

1914 - 1918
I Guerra Mundial

Xurdirán novas potencias como Xapón e Estados Unidos que entran con forza no escenario das rivalidades internacionais cun novo estado socialista: a Unión Soviética que abrirá camiños á creación de novos estados contemporáneos.

1917
Revolución Rusa

1920
Os tolos anos 20

Data importante xa que asistimos ao extraordinario desenvolvemento económico dos países máis avanzados, isto conleva a un clima de liberación e bohémia que repercutirá na literatura.

1929
Afundimento da
Bolsa de Nova
York

Rupturismo e innovación ábrese camiño á hora de interpretar a realidade. A arte xa non imita a natureza, senón que se crea unha nova realidade. O subconsciente, o mundo dos soños e os procesos psicolóxicos do home converteranse en materias artísticas. Todo isto leva a que as obras de arte e literatura van reflectir aspectos que xamais antes expresaran. Estamos a falar das **VANGARDAS**.

1945
Fin da II Guerra
Mundial

1968
Sucesos revolucionarios en
Francia "maio do 68"

Revolución cultural e política baseada no rexeitamento da orde establecida, encabezada pola xente nova.

1969
Chegada do home á lúa

1991
Disólvese a
URSS

1989
Caída do muro de
Berlín. Fin da
Guerra Fría



2001
Atentado terroris-
ta contra as torres
xemelgas



3. EN ESPAÑA

A comezos do XX seguía ancorada en estruturas económicas e sociais decimonónicas. os grandes problemas como:

- A desigualdade no reparto da terra
- As deficientes comunicacións.
- A inxustiza social
- O caciquismo

Aínda estaban por resolver, teremos que esperar ao transcorrer da nosa historia.

1902 - 1931
Monarquía de
Alfonso XIII

1923
Ditadura de Pri-
mo de Rivera

Esta non resolverá os problemas citados antes a
igual ca monarquía o que conleva a **II República**

1931- 1939
II República

A euforia desatada pola súa chegada acabou por esmorecer, porque despois dunha sucesión de gobernos, aqueles problemas herdados do XIX seguían sen resolverse. De novo o conflito social serviu de escusa para que os militares se sublevasen contra o réxime democrático en 1936

1936 - 1939
Guerra Civil

1939 - 1975
Ditadura

A España franquista quedou illada do resto dos países occidentais, os cales lle impuxeron durante varios anos duras sancións económicas ao réxime ditatorial. Esta depresión económica manifestábase en:

- Racionamento nos produtos.
- Redución dos salarios.
- Aparición do estraperlo

Son os chamados **ANOS DE FAME**

1953
Firma do tratado
de axuda militar
con Estados Uni-
dos

1955
España entra
a formar parte da
ONU.



1975
Morte do Xeneral
Franco

1978
Apróbase a Cons-
titución Española.

A democracia deu lugar o desenvolvemento do Estado das Autonomías que se materializou en Galicia a través do **ESTATUTO DE AUTONOMÍA (1981)**. Ao mesmo tempo estamos inmersos no proceso de creación da **Unión Europea**.

1986
España forma
parte da UE.

Isto dá lugar a entrada en vigor do euro en 1999 e en circulación desde 2002

4. QUE PASA EN GALICIA?

A **comezos do século XX** Galicia vive un período de transformacións económicas e sociais. A pesar de que a sociedade galega seguía ser maioritariamente campesiña, marcada polo atraso económico e pola emigración cara a América; porén, iniciouse un proceso de modernización que tería continuidade ata o inicio da Guerra Civil española. Despois tras uns anos de censura e perda de liberdade, teremos que esperar aos anos 60 onde de novo asistimos a un rexurdir da nosa historia e literatura, anos que anuncian o fin da ditadura e o comezo da época democrática, que leva asociado consigo o benestar.

Agora analizaremos cada un dos movementos socio-culturais e históricos polo miúdo que tiveron lugar na nosa terra, e parellos a eles daremos conta tamén dos feitos literarios máis salientables.

É de salientar en primeiro lugar a **profunda transformación social e económica de comezos do século XX**: aumentou a poboación urbana; emerxeu un campesiño propietario, como consecuencia da abolición do sistema foral¹ en 1926; desapareceu a fidalguía rendista como clase, xa que deixou de percibir rendas agrarias; consolidáronse a pequena burguesía comercial e industrial e a burguesía vilega, e tamén apareceu o proletariado.

1904
Noriega Varela
publica
Montañesas

Malia estes avances, a **emigración** foi moi intensa nestes anos. Ademais da migración interior (desruralización), a máis intensa foi a emigración transoceánica cara a América.

Estas feitos aparecerán en moitas obras dos nosos autores: A crítica a fidalguía desta época témola no conto “O fidalgo” de Otero Pedrayo, ou nas *Cousas da vida* de Castelao.

4.1. O AGRARISMO

Movemento que ten a súa orixe nos males do campesiñado. Trátase dun proceso reivindicativo que procura as melloras nas condicións das vidas dos campesiños: adopción de novas técnicas para o campo, mellora da maquinaria, a fertilización da terra. Os cartos aforrados da emigración e dos pequenos excedentes agrícolas permitiulles aos campesiños mellorar o seu nivel de vida e pagar as indemnizacións aos rendistas dos foros.

1913
Ramón Cabanillas
publica
No desterro.

O agrarismo estimulou a conciencia política do campesiñado organizándoo en sociedades que se manifestaban a través da prensa, dos mitins e das concentracións agraristas. A máis representativa foi a **Liga Agraria de Acción Gallega**, dirixida por Basilio Álvarez.

¹ **Foro**: era un contrato estendido en Galicia, polo que unha persoa lle arrendaba unhas terras a outra a cambio dunha cantidade de diñeiro ou de produtos da terra.

4.2. O NACIONALISMO

Un dos trazos máis significativos desta época foi o agromar do nacionalismo galego, que recolleu e actualizou as aspiracións galeguistas nadas do século XIX co provincialismo e co rexionalismo.

O nacionalismo galego xurdiu coa fundación das **Irmandades da Fala**, promovidas por un grupo de intelectuais galeguistas. As Irmandades, que actuaron nas principais cidades e vilas do país, tiña como obxectivo inmediato o fomento e o uso do galego na vida pública. Como órgano de expresión publicaron, nese momento o semanario *A Nosa Terra*, monolingüe en galego.

As Irmandades foron esencialmente un movemento político que definiu a Galicia como unha nación, isto é un país dotado de lingua, territorio, historia, institucións e cultura propias e diferenciadas. As súas teses nacionalistas formuláronse nos artigos xornalísticos, que veremos, de Antón Villar Ponte e a *Teoría do nacionalismo galego* (1920) de Vicente Risco.

Reivindicaron, entre outras cousas: a cooficialidade para a lingua galega, a igualdade dos dereitos para a muller, o recoñecemento da parroquia como entidade xurídica, a proclamación da soberanía da Nación Galega, etc.

As Irmandades desenvolveron un importante traballo cultural: promoveron agrupacións de teatro, crearon editorías, revistas, fomentaron estudos sobre o galego e reclamaron a súa presenza en todos os ámbitos sociais, co obxectivo de culturizar a sociedade galega, maioritariamente analfabeta.

A partir de 1922, as Irmandades da Fala concentron os seus esforzos na actividade cultural, deixando nun segundo plano a loita política; debeuse isto ao fracaso electoral e mais á ditadura de Primo de Rivera.

O programa ideolóxico e político das Irmandades favoreceu o inicio dun segundo rexurdimento da cultura galega, coñecido como a **ÉPOCA NÓS**, que abrangue ata 1936

A Revista Nós foi un dos proxectos editoriais máis importantes do galeguismo nacionalista, e destacou tanto no ámbito científico (arqueoloxía, etnografía, historia...) como no literario.


Esta revista deulle nome ao grupo de intelectuais que puxo en marcha este proxecto cultural: fálase así do Grupo Nós, formado polos ourensáns Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino López Cuevillas, aínda que Castelao tamén se vincula co grupo, xa que foi o responsable da dirección artística da revista.

Os escritores deste grupo modernizaron definitivamente a

1916
Irmandades da
Fala
“A Nosa Terra”



1920
Sae en Ourense a
Revista Nós co
subtítulo *Revista
mensual da
cultura galega.*



cultura galega, afastándoa do folclorismo costumista e poñéndoa en contacto coas correntes máis avanzadas a arte europea e universal de comezos do século XX.

Cos integrantes desta xeración a lingua galega alcanzou a súa madurez, consolidándose en xéneros como: a novela, o ensaio e mesmo en obras de carácter científico.

Non debemos esquecer o **labor do SEG**: grupo de universitarios que levaron a cabo estudos científicos sobre a realidade galega, iniciando un profundo labor de investigación en ámbitos como a xeografía, a historia, a arqueoloxía, a etnografía, a arte... cabe salientar o traballo de homes como Alvaro Cunqueiro, Fermín Bouza Brey, Iglesia Alvariño, Fernández del Riego...



Este partido conseguiu un obxectivo fundamental: a obtención dun **Estatuto de Autonomía** para Galicia, con el o país podería comezar un proceso de renovación política, cultural e lingüística. O 28 de xuño de 1936 o Estatuto aprobouse en referendo democrático, pero o levantamento de Franco e a Guerra Civil impediron que se puxese en práctica.



1923

Fúndase o
Seminario de
Estudios Galegos

1927

R. Dieste publica
A fiestra valdeira

1928

R. Otero Pedrayo
publica *Os camiños da vida*.

Manuel Antonio
De catro a catro

1931

Partido Galeguista

1933

Risco publica *Nós, os inadaptados*

1934

Castelao publica
Retrincos e Os dous de sempre.

4.3. O GALEGUISMO

A Guerra Civil e a inmediata posguerra supuxeron unha ruptura profunda con toda a tradición cultural vinculada ao nacionalismo democrático. A actuación represiva da ditadura impediu toda actividade política contra ao réxime, e paralizou tamén a evolución cultural e literaria da sociedade galega. Así desde **1939 ata 1950 practicamente non se publicou nada en galego**.

A **represión** contra a cultura galega comezou co asasinato de persoas vinguladas co nacionalismo nos ámbitos cultural, político e xornalístico (Alexandre Bóveda, Ánxel Casal...). Ademais, elimináronse todas as institucións e organismos que mantiñan viva a cultura do país: clausurouse o SEG, prohibíronse a prensa e as editoriais nacionalistas -*Nós*, *A Nosa Terra*-, e o uso do galego en actos públicos quedou marxinado.

Ante o medo de perderen a liberdade e a vida, os dirixentes nacionalistas e os intelectuais galegos víronse forzados ao exilio, maioritariamente en países e capitais de América Latina que tiñan unhas colectividades galegas moi numerosas, mercé á forte emigración que sufrira Galicia nas primeiras décadas do século XX. Deste xeito, a **Galicia do exilio** converteuse no centro neurálxico da oposición política ao franquismo.

As comunidades do exilio mantiveron a actividade cultural, canalizada a través de editoriais, revistas “Galicia emigrante” editada en Bos Aires, “Vieiros” en México, emisións de radio, grupos de teatro, etc.

Durante estes anos de represión hai unha data esperanzadora para nós, 1950, onde grazas a unha certa apertura do réxime imposta pola política internacional, comezaron a se notar síntomas de recuperación no ámbito da cultura, como a creación da **Ed. Galaxia**.

Esta editorial nace como unha alternativa á desgaleguización da sociedade que propugnaba o réxime franquista: a este fin respondía a publicación de libros de creación literaria, a tradución de autores estranxeiros e a fundación da revista Grial.

Os impulsores deste proxecto de Galaxia foron, entre outros, Ramón Piñeiro, Xaime Illa, Domingo García Sabell e Francisco Fernández del Riego.

A súa primeira publicación en 1951 foi a *Antifona da Cantiga* de Ramón Cabanillas.

1944

Castelao publica
en Bos Aires
Sempre en Galiza

1950

Disolución do Partido Galeguista.
Morte de Castelao

1950

Fundación da Editorial Galaxia.

1955

Uxio Novoneyra publica *Os eidos*.

1959

E. Blanco Amor publica en Bos Aires *A esmorga*

4.4. DÉCADA DOS 60

Na **década dos 60** a vida cultural galega rexorde coa a aparición de asociacións culturais como *O Galo* (Santiago de Compostela, 1961) e *o Facho* (A Coruña, 1963). No terreo editorial, o labor que viña desenvolvendo a editorial Galaxia reforzouse coa aparición doutras editoriais como *Edicións do Castro* (1963).

Transformacións socio-políticas.



O mundo rural comeza a perder efectividade contra a cidade que medra. Nela aparecerán novas clases sociais: burguesía e proletariado.



Mecanización do campo e desenvolvemento da industria.



Xorde o nacionalismo político.



Emigración cara ás cidades e Europa que aportan divisas e un mellor nivel de vida.



4.5. DÉCADA DOS 70

Os anos 70 comezan cun contexto económico moi negativo. Unha profunda crise sacudiu os países industrializados, feito que puxo en evidencia a febleza do espectacular medre da nosa economía na década anterior. Despois de 1975, os sectores básicos da industria galega perderon emprego e produciuse o desmantelamento de moitas empresas.

Coa democracia a actividade cultural normalizouse á vez que aumentou a produción literaria: estudase a lingua na universidade, implántase o galego no ensino e esténdese pouco a pouco nos medios de comunicación.

1961

Neira Vilas publica
*Memorias dun
neno labrego*

1962

Celso Emilio Fe-
rreiro publica
*Longa noite de
pedra*

1963

Fundación do Par-
tido Socialista Ga-
lego.
Fundación da
Unión do Pobo
Galego.

1963

17 de maio Día
das Letras Gale-
gas. A primeira
homenaxeada foi
R. de Castro

1967

Carlos Casares
publica
Vento ferido

1976

X. L. Méndez Fe-
rrín publica
*Con polvora e
magnolias*

4.6. DÉCADA DOS 80

Na década dos 80 chegaron os famosos procesos de reconversión (agraria, naval, da pesca..) que levaron ao desemprego a milleiros de persoas e afectaron a comarcas enteiras. A partir das folgas obreiras de 1972, o nacionalismo galego moderno protagonizará a maior parte das reivindicacións sociais das seguintes décadas.

Ademais o galego acada unha situación de normalidade que supón unha clara mellora: o Estatuto de Autonomía que establece a cooficialidade de galego e castelán, o galego entra a formar parte do currículo escolar, fúndase RTVG. Promúlgase a Lei de Normalización Lingüística que recoñece no seu artigo 4º o galego como lingua propia de Galicia, así como da súa Administración e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma; o artigo 12 desta lei sinala tamén que o galego é lingua oficial en todos os niveis do ensino.

Xorden así mesmo asociacións para a defensa do galego e da súa normalización como a Mesa para a Normalización Lingüística.

O estudo da lingua tamén progresa e en 1982 a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega publican as *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*. Malia o rexeitamento que sufriron por parte de certos grupos, especialmente da chamada normativa de mínimos, chegouse definitivamente a unha *Normativa de Concordia en 2003*.

Como consecuencia destes cambios a literatura pode abandonar a loita contra a diglosia castelán-galego, e por outra banda xorde un público lector en galego.

Nestes anos hai unha nova interpretación da cultura, animada por dúas tendencias activas: o debate entre tradición e modernidade, e o afán de renovación de todas as artes. Un espírito eclosivo que se manifestou nas novas experiencias artísticas do cinema, música, pintura, moda, cómic... A cultura galega pasou dunha histórica posición de resistencia a unha posición de expectativa vangardista.

1980

Álvaro Cunqueiro publica *Herba aquí e acolá*.

Xabier Alcalá *A nosa cinza*

1981

Estatuto de Autonomía

1983

Aprobación da Lei de Normalización lingüística no Parlamento galego.

1986

Suso de Toro *Polaroid*

4.7. DÉCADA DOS 90 e COMEZOS DO SÉCULO XXI

A **década dos 90 e comezos do século XXI** son anos de luces e sombras, tanto a nivel socioeconómico, político e como non cultural.

Tras o visto na década anterior, parece que a literatura e a lingua galega ían entrar nunha etapa de normalización coma nunca antes se coñecera. Porén, os feitos non son tan claros, xa que o Mapa Sociolingüístico de Galicia ofrece uns datos que non son nada alentadores para o galego nin para a literatura galega. Só un 56% dos galegos usan o galego como lingua habitual no traballo; ademais de ser a lingua menos usada nas cidades, etc... Datos estes confirmados pola UNESCO en febreiro de 2002, onde alerta sobre a posible desaparición da nosa lingua e tamén do vasco.

Neste ambiente desfavorable para a nosa lingua, axiña apareceron voces que falan da crise económica, e que vai parella a crise no sector do libro, tras a esperanza esfarelada dos anos oitenta.



De todos os xeitos para a salvación do galego e da súa literatura, cómpre emprender de forma decisiva un novo plan de normalización lingüística que defenda o que é noso, fóra de calquera presión política.

Na actualidade Galicia, débatese entre pervivencias da súa longa decadencia como o caciquismo e o envellecemento da poboación, unha gandeiría encorsetada, unha explotación intensiva dos seus recursos enerxéticos por parte de grupos empresariais foráneos (grandes encoros, parques eólicos) e o fluxo renovado da industria textil, o efecto arrastre da automoción e do turismo, ademais do renacer das cidades.

1995

A Unesco declara o 23 de abril Día internacional do libro

2002

O petroleiro *Prestige* ocasiona unha marea negra na costa galega.



2006

Incendios de Galicia



2006

Manuel Rivas publica *Os libros arden mal*

5. CONCLUSIÓN

Todos estes feitos de diferente índole aparecerán reflectidos nas diferentes obras dos autores que verás nesta materia.

Otero Pedrayo aproximouse ao mundo da fidalguía no seu conto “O fidalgo” mais non foi o único, Castelao tamén fai alusións a esta clase social, e ao pago dos trabucos como podemos apreciar nesta *Cousa da vida*: “*Anque o meu home vai fora, non teréi voto, pero seguirei pagando todos os trabucos*”

Tamén os nosos autores co decorrer do tempo souberon incorporar á nosa literatura: o vangardismo europeo, tal é o caso de Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro, etc que son bo exemplo da poética vangardista e Rafael Dieste da prosa, onde hoxe aínda ao ler “o neno suicida” sorpréndenos pola súa sorprendente novidade.



Cando alguén se encontra desposeído da súa terra, da súa familia, dos seus dereitos, da súa identidade, ábrese unha ferida que dificulta a reconciliación co pasado, co país e cun mesmo, sobre todo, desde a distancia forzosa que constitúe o exilio. Moitos tamén foron os autores que reflexionaron sobre o seu exilio durante a Guerra Civil e na posguerra, convertíndose isto nun labor catártico para todos os que non temen ao pasado. Silvio Santiago, así o plasmou na súa novela *O silencio redimido*.

Celso Emilo Ferreiro, Mendez Ferrín, Avilés de Taramancos ou Manuel María tampouco serán alleos ás preocupacións sociais, e máis concretamente á lingua como podemos apreciar no seguinte poema do último autor:

*O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pensar máis profundo.*

*O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o marmurio do vento,
a palabra de amor.*

*O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.*

*O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.*

*O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
meirande e poderosa.*

*O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
¡Se perdemos a fala
non seremos ningún!*

*O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte da que agroma
a máis forte irmandade.*

*Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.*

se queremos vencer!

A fala, Manuel María

Os temas actuais tamén son incorporados ás obras de autores como Miguel Anxo Murado que soubo coma ninguén plasmar a guerra dos balcáns... Nos últimos anos aparecen numerosas tendencias, correntes e hai un interese polas artes (audiovisuais, pintura, música....) o fin é construír, expresar o mundo no que se vive pero visto por outros lentes. Así nace o proxecto “Voces na materia” que se atopa en www.barbantia.org que é un claro exemplo destes proxectos actuais. Trinta pintores dunha mesma comarca deron cor aos versos doutros tantos poetas.

Agora somos nós quen como lectores individuais ou colectivos os que nos temos que deixar levar polas letras, gozar da lectura dos nosos autores, sen esquecer os tempos pasados e o presente no cal vivimos.

UNIDADE 2

A PROSA ANTERIOR Á ESMORGA

- 1. INTRODUCCIÓN**
 - 2. A TRANSICIÓN AO SÉCULO XX: AS IRMANDADES DA FALA.**
 - 2.1. Liñas temáticas das Irmandades da Fala. Cara a unha narrativa galega.**
 - 3. A XERACIÓN NÓS.**
 - 3.1. Trazos comúns da Xeración Nós.**
 - 3.2. Vicente Risco**
 - 3.2.1. Características da súa prosa e influencias.**
 - 3.2.2. Obra narrativa.**
 - 3.3. Ramón Otero Pedrayo**
 - 3.3.1. Temas recurrentes e características da súa prosa.**
 - 3.3.2. Obra narrativa.**
 - 3.4. Florentino López Cuevillas.**
 - 3.5. A. Daniel Rodríguez Castelao.**
 - 3.5.1. Características da súa prosa e influencias.**
 - 3.5.2. Obra narrativa.**
 - 4. A XERACIÓN DO 25.**
 - 4.1. Rafael Dieste.**
 - 4.1.1. Características da súa obra narrativa.**
 - 4.1.2. Obra narrativa.**
 - 5. A PROSA NO EXILIO.**
 - 5.1. Características xerais.**
 - 5.2. Autores e obras máis representativas.**
 - 6. A PROSA DE POSGUERRA**
 - 6.1. Principais liñas temáticas.**
 - 6.2. O realismo popular de Ánxel Fole.**
 - 6.2.1. Características da súa prosa**
 - 6.2.2. Obra narrativa**
 - 6.3. O realismo fantástico de Álvaro Cunqueiro.**
 - 6.3.1. Características da súa prosa.**
 - 6.3.2. Obra narrativa.**
 - 6.4. O realismo social de E. Blanco Amor.**
 - 6.4.1. Características da súa prosa.**
 - 6.4.2. Obra narrativa.**
 - 7. CONCLUSIÓN**
- ANTOLOXÍA DE TEXTOS**

1. INTRODUCCIÓN

Á hora de enfrontarnos á lectura, análise e comprensión de calquera texto debemos ter en conta a importancia que ten o contexto histórico e socio-cultural da época na cal están inscritos os diferentes autores a analizar, xa que as obras destes non son máis ca un reflexo da época que lles tocou vivir xunto coa visión persoal da realidade intrínseca de cada un. De aí que debes ter lido o contexto histórico-social da literatura galega do século XX¹ e da actualidade antes de comezar este tema, facendo fincapé na época que imos estudar.

¹ O contexto é outro documento descargable pertencente a esta sección.

2. A TRANSICIÓN AO SÉCULO XX: AS IRMANDADES DA FALA.

A maioría dos estudosos coinciden en sinalar que coa chegada do novo século, os nosos autores quedaron ancorados na estética decimonónica: ruralismo e costumismo... Haberá que agardar aos anos das Irmandades da Fala, e sobre todo, da Xeración Nós para apreciar os primeiros avances firmes cara a novos horizontes literarios.

Así deste primeiro período o narrador máis salientable, talvez sexa **Miguel García Barros** (1876-1972) que baixo o pseudónimo de Ken Keirades publicou *Contiños da Terra* (1932), unha serie de relatos breves de temática costumista e ton cómico que se axustan á **estética decimonónica**. De forma póstuma publicouse *As aventuras de Alberte Quiñoi*, un libro que narra as peripecias dun rapaz de clase labrega. Son, sen dúbida, unhas memorias do propio autor.

Este autor destaca polo seu galego próximo á fala popular que manexa con mestría e que posúe unha gran variedade de léxico concreto. Vexamos ese costumismo decimonónico nun fragmento do seu último libro:

A xente da casa andaba pol-a eira limpando-a pra estender o liño recién desempozado. A tia Xacoba estaba na cociña e, facendo-lle falla uns cañotos pra ter man do lume, foi-se á leñeira, colleu un pau e, poñendo-o encima do madeiro de picar, botou man do machado e comenzou a darlle golpes de través, pro o machado non entraba. O Alberte estaba mirando, e vendo o que socedía, deixou a xesta coa que barría, indo-se xunto dila e, poñendo o pau sesgado e sobre firme, en dous machadazos quedou tronzado.

As aventuras de Alberte Quiñoi.

Como vemos describe unha situación cotiá da vida labrega “cortar leña para o lume”, é dicir costumismo. Temática da que se irán afastando os autores venideiros.

Ao redor das **Irmandades da Fala** (1916), o panorama cultural galego experimentou un gran desenvolvemento: apareceron editoriais, revistas, xornais, todo tipo de agrupacións artísticas...O escritor deste momento comprometeuse de cheo coa lingua e cos presupostos do nacionalismo, á vez que apostou decididamente pola renovación das liñas literarias, explorando novos estilos, novos temas, novos xéneros...

Antón Villar Ponte en “Nuestra afirmación regional” (1916) sostiña que «*a situación da lingua sería outra se houber un teatro e unha novelística galegos*». En consonancia con isto os homes das Irmandades da Fala procuraron crear os medios e as canles necesarias para desenvolver aqueles xéneros literarios que o Rexurdimento do século anterior non lograra poñer á altura da lírica. Villar Ponte tiña claro que o desenvolvemento dunha cultura propia estaba vinculado, necesariamente, á infraestrutura editorial: «*Se a nosa Terra desexa que xurda unha cultura propia [...] ten que termar de espallala e afincala, arraigándoa fortemente, e precisa entón dunha boa Casa Editoria*».

Polo tanto, o xénero prosístico experimentou uns avances notables nesta época, e así o demostran, por exemplo, os seguintes feitos:

- A aparición, por primeira vez nas nosas letras, da prosa de non ficción «**o ensaio**», un privilexiado medio de difusión da ideoloxía nacionalista.
- O desenvolvemento da **prensa** en galego. Entre os periódicos máis representativos cómpre destacar o ideario das Irmandades *A Nosa Terra* (1916-1936), que tivo como primeiro director a Antón Villar Ponte e como colaboradores a Xoán Vicente Viqueira, Vicente Risco, Castelao...
- A difusión de varias **coleccións de narrativa**, por exemplo: *Terra Nosa*, *Céltiga*, *Alborada*, *Libredón*, *Lar...* que serviron de soporte para moitas creacións dos novelistas do momento.

Estes feitos asentarán unha narrativa en galego e formarán un público para ela. Durante a década dos 20 publicáranse máis de sesenta noveliñas que preparan o terreo para que xermole unha narrativa de alcance e calidade.

A iniciativa que serve de lanzadeira do xénero narrativo é o **certame literario** convocado en 1918 por *A nosa Terra*, que procura o concurso de “pequenas novelas”. A obra que resultou vencedora é a novela *O deputado por Veiramar* de **Gonzalo Lopez Abente**, merecidamente premiada, pola visión moderna da arte de novelar. Tematicamente ao presentar o mundo da política nas vilas galegas, rompía coa narrativa anterior, limitada á anécdota chocalleira con ambientación rural. A partir de aquí, nos dez anos seguintes xorden as **coleccións literarias de narrativa** indicadas antes que acollen preferentemente a novela curta –aínda que tamén publican poesía, teatro e ensaio-, entre as que resaltamos as seguintes como as máis significativas:

- **Terra a Nosa!** Bibloteca popular galega (1919), era un suplemento do xornal coruñés *El Noroeste*. Nesta colección editábase fundamentalmente narrativa, mais tamén teatro e poesía. De entre os volumes publicados na colección coruñesa, convén salientar *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros* de Vicente Risco, *Contos da forxa* de Uxío Carré Aldao, *O tesouro acoubillado* de Ricardo Carballal ou *Frores do noso paxareco* de Francisca Herrera Garrido.
- **Céltiga**, editorial galega que verá a luz en Ferrol baixo a dirección de Xaime Quintanilla e a xerencia de Ramón Villar Ponte. A colección ábrese con *Saudade* de Xaime Quintanilla, á que lle seguirán outros títulos de variados xéneros, entre os que se atopan *Mal de moitos. Trato a cegas* (1921) de Euxenio Charlón e Manuel Sánchez Hermida, *Almas mortas* (1922) de Antón Villar Ponte, *Trebón* (1923) de Armando Cotarelo Valledor, e *Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto* de Castelao, que xa se dera a coñecer previamente en *A Nosa Terra*.
- **Lar**. É unha revista quincenal que nace da man de Leandro Carré e Anxel Casal, antecedente da Ed. Nós. O primeiro texto é de W. Fernández Flórez *A miña muller*.

Estas publicacións contaban cos deseñadores máis importantes desta época que ilustraban portadas e textos, cabe salientar Castelao, Cebreiro, Méndez.

A primeira grande aportación desta colección que acabamos de analizar, serviron principalmente para orientar aos escritores tanto no relativo aos aspectos temáticos como aos técnicos, lingüísticos e ortográficos. Así vanse eliminando aqueles elementos que se consideraban superados como propios da literatura xornalística. A ambientación vilega e a introdución nos textos de personaxes das clases medias son

considerados atributos positivos, mentres que se censura as obras de temática labrega ou de clara intencionalidade social. Búscase conformar un modelo de narrativa moderna, de ambiente urbano e temas a miúdo lixeiros para captar a un público acostumado a esta fórmula de narrativa breve en español, e ao mesmo tempo “regaleguizalo” incluíndo claves culturais propias.

2.1. Liñas temáticas das Irmandades da Fala. Cara a unha narrativa galega.

Como non podía ser menos potenciouse a temática que incidía nos puntos que o **nacionalismo** consideraba básicos na forxa dunha conciencia nacional galega: o neoceltismo, o humor e macabrisimo, e as outras en menor medida.

- a) **O HUMOR E O MACABRISMO**, aparecen asociados para cativar o gusto dun público urbano que busca un sentido lúdico á literatura. Os autores consideran estes elementos como propios das culturas atlánticas, é dicir nosos, e da Idade Media e polo tanto válidos para se integraren nunha cultura que busca trazos distintivos fronte ao mundo clásico e mediterráneo. Así o humorismo macabro entra na narrativa breve da man de Vicente Risco, que en 1918 publica *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros*. O doutor Alveirós, o protagonista, vive unha estraña aventura na que entra en contacto co mundo dos mortos e, despois de facer uso dos seus coñecementos esotéricos, logra liberar a momia de Tutankhamon das súas vendas e presenza a participación do defunto faraón na Danza Macabra. Trátase dunha narración humorística con notas referidas ás materias ocultistas tratadas no texto.

Chubu fíxolle un sinal ó Dr., e chegaronse onda a momia de Totankhamon. Alveiros sacou o muíño das oracións, explicou por brevis et breve o seu funcionamento, e encomenzou a lle dar voltas.

A momia comezou a remexer. Víaselle na face a forza ó rebulir entre as faixas. Ó fin, as faixas encomenzaron a se esgazar e a caer coma farrapos desfeitos todos ó longo do corpo. O faraón sacou os brazos, logo as pernas e encomenzou a facer flexións para se desentumecer... As momias que se achaban preto dos operadores tamén se ían desempinando.

Do caso que lle aconteceu ao Doutro Alveiros, V. Risco

Posteriormente insistirán nesta liña *Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto* (1922) de Castelao, *O purgatorio de Don Ramiro* (1926) de Otero Pedrayo, ou *O home que deu vida a un morto* (1926) de Leandro Carré. A compoñente humorística por si soa caracteriza a obra de Xulián Magariños Negreira, *O Kalivera 30 H.P* e *O filósofo de Tamarica*, ambas de 1926, ou W. Fernández Flórez, *A miña muller* (1924) e *O ilustre Cardona* (1927). Alcanzando un amplo desenvolvemento nas obras maiores de Castelao e Risco.

- b) **O NEOCELTISMO**, é dicir, a recuperación das raíces celtas, das lendas e personaxes e situacións da materia da Bretaña, coa que se puña de manifesto o elemento atlántico do pobo galego fronte á tradición mediterránea do pobo castelán. Foi difundido por Risco e exemplificado nas “sagas” de Cabanillas. Esta liña será seguida en *Camiñantes* (1922) de Antón Losada Dieguez; en *Concepcion singela do ceo* (1925) de Evaristo Correa Calderón, e en *Fuxidos* (1925) de López Abente.

- c) **NARRATIVA ETNOGRÁFICA** V. Risco impulsa tamén o achegamento da novela curta á cultura popular utilizando as lendas e tradicións, se ben adaptándoas a un gusto actual, dando lugar esta corrente ETNOGRÁFICA. Para dar exemplo a respecto da tradición e o verdadeiro folclore como materia literaria, Risco publicará en *Lar* “O lobo da xente” e mais “A trabe de ouro e Alquitrán”, nas que recrea os mitos do lobishome, dos mouros gardadores de tesouros e dos celtas. Na mesma liña sitúase a *Santa Compañía* (1923) de Roberto Novoa Santos; *Mariña Andrade* (1924) de Xavier Pardo e *A dona das torres* (lenda galega relatada) 1925 de Ánxel del Castillo. Fermín Bouza Brey fai tamén unha aportación peculiar a este corrente ao publicar *Cabalgadas en Salnés* (1925), unha fantasía ambientada no século XIX que nos presenta a lendaria figura do bandoleiro Xan Quinto en loita coa reencarnación do temido señor Fernando de Andrade, o Mao.
- d) **ESTÉTICA NATURALISTA**, á que se lle esixe, iso si, novidade nos personaxes, argumentos e ambientación. É o caso de *Manecho o da rúa* (1926) de Xosé Lesta Meis, que incorporaba un tema nunca tratado na narrativa galega: a vida nos enxeños azucareiros cubanos; *Naiciña* (1925) de Leandro Carré, celebrada por ser a primeira noveliña que se desenvolvía no mundo comercial vilego, ou *O anarquista* (1924) de Leandro Pita, entre outras.
- e) Tendencia **SIMBOLISTA**, que consiste en expoñer ideas, sentimentos e valores mediante símbolos. Isto atopámolo nas novelas líricas de Álvaro das Casas: *O xardín do castelo de Vidre* (1926), Augusto M^a Casas (*Muiñada de estrelas*, 1926), e *Vigairo* de Xosé Filgueira Valverde, 1927.

Con estes antecedentes, en 1927 fúndase a **Editorial Nós**, considérase que non é necesario continuar coas colección de novela curta. A narrativa galega estaba en condicións de emprender proxectos máis ambiciosos. De feito, ese ano Risco comezaba en *Nós* a publicación dunha novela longa inacabada. *Os europeos en Abrantes*; Blanco Amor escribía *A escadeira de Xacob*, intencionalmente moderna e cosmopolita; e vía a luz a primeira novela longa publicada por *Lar*, *Estebo* de Xosé Lesta Meis. Xa en 1928, a ed. Nós daba ao prelo dous dos grandes romances da literatura galega de preguerra: *Os camiños da vida* de Otero Pedrayo e *O porco de pé* de Vicente Risco.

Así cando en 1929 V. Risco publica en *A nosa terra* o ensaio *Da Galiza Renascente*, pode afirmar categoricamente «hoxe ha ja novela e todos os xéneros en prosa teñen cultivo». A experiencia das novelas curtas permitira explorar posibilidades temáticas, ensaiar novas técnicas narrativas e adaptar o idioma a rexistros lingüísticos nos que era inusual e, sobre todo, crear unha base editorial e un público lector que non existían con anterioridade.

3. A XERACIÓN NÓS

Baixo esta denominación recóllese unha serie de autores que contribuíron decisivamente ao progreso da nosa literatura, en especial no ámbito da prosa. Trátase de figuras como Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, Florentino López Cuevillas, Antón Losada e Alfonso Daniel Rodríguez Castelao; persoeiros que co seu labor, puxeron en sintonía a cultura galega coa cultura europea do seu tempo.

Lembremos de onde provén o nome de **GRUPO NÓS**, a orixe está na revista *Nós* publicada en 1920, se ben este NÓS titulouse antes un álbum de debuxos de Castelao (1916-1918) e o suplemento cultural do xornal *El noroeste* (1918) da Coruña. En

calquera caso, **Nós** é a clave que caracteriza un dos proxectos culturais colectivos máis singulares de Galicia de preguerra. Inclúense neste grupo os autores citados antes, a pesar, de que, Castelao diverxe dos restantes en cuestións fundamentais, nos anos 20 manteñen todos unha estreita ligazón persoal e unha actividade cultural compartida. A influencia do grupo e a capacidade aglutinadora da súa revista impregna en maior ou menor grao a toda a súa xeración.

O núcleo orixinal do grupo, o chamado “**Cenáculo Ourenseño**”, vén funcionando con claves estéticas e neosóficas. Son todos eles fillos de familias acomodadas de Ourense, de vocación excéntrica e con inquietudes intelectuais e de intervención pública. Rexeitan o medio social en que viven, porque o consideran vulgar, o que os leva a unha postura elitista e de aristocracismo intelectual. Consideran a modernidade europea unha decadencia. Rebélanse contra o rumbo dos tempos, que é contrario ao humanismo e ao espiritualismo. E, pola vía do exotismo, **son europeístas** respecto de España e orientalistas respecto de Europa. Practican un individualismo exarcebado, consecuencia lóxica desa postura antigregaria, dandi e extravagante.

A actividade destes homes foi decisiva para a consolidación da literatura galega. Mentres a renovación lírica viría dada polo labor dos autores novos das vangardas – que veremos noutro tema-, as figuras como Risco, Otero Pedrayo e Castelao **propiciarán a madurez definitiva** do noso teatro e, sobre todo, **da nosa prosa**.

Este feito vén representado no seguinte esquema, onde salientamos só as obras máis representativas e non todas, e nas cales analizaremos as características e as técnicas máis novidosas levadas a cabo por esta xeración.

A renovación literaria da Xeración Nós

Prosa de ficción: a novela

- Diversifícase a temática: novela realista, urbana, novela histórica, novela psicolóxica...
- Incorpóranse técnicas narrativas dos autores máis destacados da narrativa europea (Virginia Wolf, Thomas Mann ou James Joyce): introspección e monólogo interior, ruptura da secuencia temporal.

Obras representativas

Os dous de sempre, Castelao (realista)
O porco de pé, V. Risco (realista)
A romeiría de Xelmirez, Pedrayo (histórica)
Arredor de si, Pedrayo (psicolóxica)

Prosa de ficción: conto

- Consólidase o conto literario caracterizado pola busca da brevidade e a síntese.
- Diversifícase a temática na busca da orixinalidade.

Obras representativas

O caso que lle aconteceu ó doctor Alveiros, Risco.
Retrincos, Castelao
Contos do camiño e da rúa, Otero Pedrayo

Agora imos estudar por un lado as características comúns ao grupo – das cales se afasta notablemente Castelao- e por outro as características propias de cada autor, xa que a individualidade de cada un é moi salientable.

3.1. Trazos comúns da Xeración Nós.

- a) Estes mozos procedían da **clase social acomodada** (fidalguía e pequena burguesía) –agás Castelao que naceu no seo dunha humilde familia mariñeira-. Isto permitiulles o acceso a unha boa educación e unha formación cultural moi profunda.
- b) A ideoloxía afín ao **tradicionalismo fidalgo**, concibindo Galicia como un país de base labrega, alieo ás tensións da loita de clases do mundo capitalista e onde a elite fidalga aínda podía cumprir un papel dirixente.
- c) A súa **formación cultural** inicial aparece **desvinculada da tradición galega**.
- d) A **rigorosa formación** é notoria en todos eles: estudos universitarios, coñecemento de varios idiomas, polifacetismo... o que lles leva ser a un tempo novelistas, dramaturgos, artistas gráficos, caricaturistas, historiadores, xeógrafos, etnógrafos... chegando mesmo á participación activa en política.
- e) **Achegamento á cultura europea do momento**. Esta achegamento foi directo nalgúns casos grazas a viaxes polo vello continente. Así o comprobamos, por exemplo a través das obras *Diario 1921* de Castelao ou *Mitteleuropa* de V. Risco. Trátase de dúas crónicas de viaxes onde amosan as súas experiencias e impresións persoais ao entraren en contacto coas correntes culturais da Europa dos anos 20 e 30.

COMA NA CASA

Craro está, saín á rúa. O Hotel Ametyst está nun barrio que se chama Vinohrady (a viña) ao S.E. de Praga. Andiven a Polská ulice deica o cabo, e hollín á esquerda pola Francouzská trida, deica a Mirové Namiesti. Gustoume todo canto vin.

Pasaban mulleres cun pano á cabeza e homes sen cuello na camisa. Había tenduchas coma as nosas, chafalleiras e algunhas pouco limpas, cristaleiras pequenas instaladas nas fenestras baixas, artesanos traballando nos currunchos, e todo tan familiar e á confianza, que se non fora polas casas barrocas, Renacimiento e século XIX con cúpulas nas esquinas, aquilo semellaba unha gran Ribadavia.

Mitteleuropa, V. Risco

- f) Desde estilos moi singularizados, son creadores da **moderna prosa galega**.
- g) Na temática literaria incorporan temas universais, lendarios, exóticos, da mitoloxía celta, de ambiente urbano e de fasquía social.

En conclusión lóxica con este panorama vai desaparecendo a idea de enxebrismo folclorizante e do tipismo, tópicos que enchían todo o relacionado co galego, sendo un lastre para a imaxe da nosa literatura.

3.2. VICENTE RISCO (Ourense, 1884 – 1963)

3.2.1. Características da súa obra e influencias.

- **Trazos modernistas**, onde case hai nula presenza de elementos galegos, pola contra atopamos **exotismo**, **esoterismo**, **humor negro**, rompendo coas temáticas enxebres da tradición folclórica. Isto aparece no seu primeiro relato *Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros*. **Rompe os tópicos da tradición do século XIX** e incorpora ese mundo máxico que tanto atraerá a autores posteriores como Castelao, Dieste, Pedrayo...

Un esqueleto moi ben posto, de fraque, cun pano na man, veu decir que a cea estaba na mesa. Ergueuse Dhemel e pasou ao Alveiros ao comedor.

Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros

- **Aproveitamento da tradición oral galega**, na que afonda desde a súa condición de etnógrafo. A través da etnografía achégase ao maravilloso mundo popular e ao galeguismo que plasma nos seus relatos “A velliña vella” (1924); “O lobo da xente” (1925); “A trabe de ouro e a trabe de alquitrán” (1925) e “A Coutada”. Todos eles obedecen a vinculación á cultura tradicional, o cometido didáctico-ideolóxico... así neste fragmento observamos como Risco deixa patente o seu **coñecemento do folclore e das crenzas tipicamente galegas**, neste caso a do lobishome, pero como esta ten un final sorprendente...

O Anxo vira o lobo moitas veces; xa dixen que era un mozo doutro tempo. Mais lobo coma aquel, tan negro, tan peludo, tan espantosamente grandísimo, con aqueles ollos sanguiñentos e relucentes, que escintilaban máis ca o lume da lareira, con aqueles dentes brancos e afiados coma navallas, aquel fociño mouro, lixado de sangue fresco, aquelas poutas grandes coma as dun oso, coma aquel nunca, endexamaís outro vira na vida. [...]

O lobo da xente principiou a rebulir, foi soltando a pelella, e apareceu de súpeto transformado nunha rapaza fermosa coma un caravel recién aberto.

O lobo da xente, (Adaptación)

Á vez ensaia técnicas novas na literatura galega coma: a estrutura epistolar ou a novela dialogada.

- **Sátira, ironía e certo escepticismo**. A partir de 1926 Risco experimenta unha viraxe no seu pensamento, algo que se percibe nos seus artigos políticos e na súa obra. As razóns está no fracaso da súa colaboración coa ditadura de Primo de Rivera, ao non concederse o estatuto da Mancomunidade a Galicia. Por mor disto na súa obra *Europeos en Abrantes*, obra inacabada, contén unha sátira fina e mordaz sobre a adaptación da modernidade de fóra nun contexto urbano galego. Tal é o caso do médico de Abrantes:

O Dr. Andrade era un gran médico. Sabía, tiña un bo ollo, operaba ben. E aínda máis curaba aos enfermos. Mais non os curaba precisamente cos seus remedios; curaba con palabras técnicas. [...].

O certo –e que aquí vén o verdadeiramente esotérico da ciencia do doctor Andrade– é que este tiña unha idea moito máis alta dos destinos da clase médica. Na aldea non. (...) Mais nas cidades, o Protomedicato estaba destinado a tirarlle á Igrexa a dirección das consciencias, a se facer dono da sociedade moderna como o Clero o foi da antiga, a impor o xugo da ciencia a estas xeracións de aprensivos e neurasténicos, como as vellas xeracións de timoratos sufriran o do dogma, e substituír o prexuízo religioso polo prexuízo higiénico.

Os europeos en Abrantes

Esta sátira acada o seu cume na súa novela *O porco de pé*, novela innovadora onde non deixa títere con cabeza: artistas, señoritos de café, obreiros socialistas, políticos, etc son maxistralmente caricaturizados. Risco emprega con mestría todos os recursos expresivos dominantes, que procuran o humorismo e o tratamento grotesco da realidade, vencéllase coa estética expresionista. Entre eles cómpre destacar o fonetismo expresivo, as parodias de diversos rexistros lingüísticos e literarios, as imaxes degradantes e as longas enumeracións de termos pertencentes a campos semánticos próximos, procedemento retórico coñecido na literatura popular e erudita.

Enumeración	Imaxe caricaturesca
<i>E levouno de arrastro ó comedor estilo español, onde estaban as persoas de respecto, arredor da gran mesa onde campaban inmensas tartas, colosais brazos de xitano, pasteis enormes, montañas de pastas, pasteis, masas, froitas escarchadas, emparedados, empanadillas, roscas, biscoitos, melindres, amendoados.</i>	<i>De que casara, Nicasia García mellorara de físico no senso da latitude; en peso e volume gañou o que perdeu en pescozo, e moito máis aínda. Collera a feitura dun tarro coma os das boticas, que tiñan na tenda para pementa en po. Mais dentro dela pouca pementa había, por máis que nai herdara aglo de xenio enrabeado.</i>
Valor expresivo: ridiculízase o consumismo, a ansia por acumular cousas.	Valor expresivo: distorsiónase e esaxérase na descrición dunha persoa para crear un efecto humorístico.

O porco de pé é unha síntese de todo o seu pensamento, e nela aparecen compendias as ideas que desenvolverá no conxunto da súa obra ensaística.

3.2.2. Obra narrativa.

Vicente Risco	OBRA	CONTIDO	
 <p>Naceu en Ourense o 1 de outubro de 1884.</p> <p>Foi membro destacado da xeración Nós, así como un dos teóricos fundamentais do nacionalismo antes de 1936.</p> <p>A súa contribución á nosa literatura é grande: narrativa, ensaio, teatro, etnografía...</p> <p>Morreu o 30 de abril de 1963.</p>	<i>Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros</i> (1919)	Relato	Doutor Alveiros, médico espiritualista e coñecedor das ciencias esotéricas e ocultas, que por insistencia dun enigmático personaxe alemán que ao final resultou ser un defunto, vai emprender unha aventura polo outro mundo ao liberar a momia Tuthankamon.
	<i>O lobo da xente</i> (1925)	Relato	Trata sobre o lobishome que resultou ser unha moza que fora enmeigada pola súa nai e á que un valente mozo popular desenmeiga.
	<i>A trabe de ouro e a trabe de alquitrán</i> (1925)	Relato	Bastián penetra no mundo soterráneo, onde residen os mouros (representantes do poder da ciencia e da técnica) e mais os Avós da Raza (druidas celtas que aparecen como conservadores da tradición milenaria. A narración ten unha evidente dimensión doutrinaria e didáctica: o camiño de recuperación da identidade galega conduce ás orixes celtas da nosa cultura, amecidas co cristianismo, rexeitando a allea, enganosa e destrutora civilización mediterránea.
	<i>A coutada</i> (1926)	Historia dialogada	Desenvolve un diálogo filosófico máis que unha verdadeira narración. O protagonista, inadaptado na sociedade urbana, trata de convencer á muller para regresar á "Coutada", casa herdada que simboliza a fidelidade ao "imperativo da raza" (sentimento da terra) e a conseguinte felicidade.
	<i>Os europeos en Abrantes</i> (1927)	Novela inacabada	Constitúe unha sátira de persoas e lugares da vida ourensá.
	<i>O porco de pé</i> (1928)	Novela	Don Celidonio, comerciante de orixe castelá chega a ser alcalde dunha cidade galega, configura a vulgaridade e o materialismo dunha familia da nova burguesía. A el contraponse o intelectual e espiritualista Doutor Alveiros que, non obstante, impulsado polo demo acaba cedendo perante os discretos encantos da vida burguesa.

O mellor acerto de Risco é que crea, a través da palabra, un mundo propio, rexido pola dimensión paródica de todos os rexistros lingüísticos: o científico, o xornalístico, o filosófico, o esotérico, o político... no que se poden albiscar pegadas de Joyce ou Swift.

3.3. OTERO PEDRAYO, Ramón (Ourense 1888- 1976)

É o narrador por excelencia da súa xeración. É o primeiro autor que é capaz de crear unha novelística propia, de grande calidade na creación de ambientes e personaxes, con recursos literarios e cun estilo único. Os seus textos están cheos de forza, colorido e vitalidade polos cambios que van dun estilo rápido e dinámico nas narracións, á grande complexidade sintáctica nas descrições, case barrocas.

A narrativa de Otero revela a cosmovisión e o compromiso galeguista do ourensán que trasloce o seu rexo carácter. Se reparamos nos temas da súa obra, podemos observar coincidencias cos presupostos ideolóxicos de Risco, se ben aparecen formulados dun xeito absolutamente persoal polo señor de Trasalba. Vexamos pois, agora os temas e as características recorrentes na súa produción narrativa.

3.3.1. Temas recorrentes e características da súa prosa.

- **Os personaxes** representan grupos sociais e teñen a miúdo unha función arquetípica, que nos leva a falar do tema da **tradición** que é a sabedoría acumulada – a través das experiencias, do pensar e do sentir- por sucesivas xeracións ao longo dos séculos, conformando deste xeito a cultura espiritual do pobo galego. De aí a xenreira de Otero contra os tendeiros-comerciantes de orixe foránea, que irrompen na vida galega, traendo uns ideais materialistas (enriquecemento burgués) destrutores dos modos de vida tradicionais. Xeran ademais nas cidades un desprezo polos labregos (clase sustentadora do ser de Galicia) e fomentan unha cultura mimética e antigalega.

“Outra potencia nova ía medrando na aldea: o tendeiro. Inda non estaba rematada a estrada, un día todos os cotos e solainas se encheron de xente aos montóns. Da parte de Maside chegaba unha cousa nova; xa estaba anunciada para un día daqueles. Cando a viron adiantar houbo bocas abertas e os vellos rañaban a testa coa monteira de lado, coma quen xa non entende o mundo (...). Entraba o comercio na aldea. Xente de tralla que xuraba, gastaba, traía novos falares, non respetaba as festas nin os costumes antergos”.

Os Camiños da vida

A fidalguía é outro tema presente na súa obra e tamén a clase social nacida ao abeiro dos mosteiros que simboliza para Otero a vida tradicional e sosegada da aldea, sometida aos ciclos naturais. Mais pese á lei que lle ten, Otero ataca esta caste pola súa deserción da aldea e o éxodo cara á cidade, onde rematará alienada cultural e politicamente, renegando da súa condición galega, mentres os comerciantes foráneos se fan coa dirección da sociedade. En realidade Otero Pedrayo estaba a reflectir literariamente o que a investigación histórica poría de relevo anos máis tarde: a incapacidade da fidalguía para se converter en burguesía agraria, mediante a consecución da propiedade plena da terra e a organización da produción con vistas ao mercado; as crises agrarias e as loitas campesiñas erosionaron os seus ingresos rendistas, determinando a súa decadencia e incorporación ás actividades burocráticas e urbanas ao esmorecer na aldea:

“O señorito viña a menos. Algunhas castes de fidalgos antigos íanse reducindo á condición dos paisanos desque se partían os patrimonios, e separados non daban dabondo para mantelos de cabaleiros. Camiñaban uns para procurar a vida. Os máis ficaban traballando os eidos. Baixábanse a podar as parras, facían, como para se divertiren, un anaco de arada, saían co gando nos seráns de raxeira. Pouquiño a pouco esquecían os hábitos do señorío: sentaban nas feiras na mesa dos paisanos, carrexaban o estrume, casaban coas fillas dos caseiros antigos e nunha xeración voltábanse en labregos que turraban da aixada, metíanse na roza e decotaban os carballos como se tal cousa”

Os camiños da vida

Con todo, a identificación de Otero cos valores tradicionais que representa a fidalguía, lévao a crear unha fidalguía ideal, “nacionalista”, consciente da súa función na rexeneración da caste e na redención de Galicia. Así na súa obra *Os camiños da vida*, o fidalgo Adrián Soutelo conversa co seu sobriño Paio e di: *¿Que meiga me enfeitizou ao voltar ao chan galego? A enerxía despertada en min no desterro gastouse nos poucos días da Revolución. Xa sabes o que teimo dicir: a nosa, a galega. Soaranche, ben o sei, dun xeito estraño estas palabras. Pois as outras que se sucederon para poñer un xeneral no cabo doutro xeneral, para arrincar unha miguíña máis de Liberdade escrita e xurada nos artigos dunha constitución, non son dignas do alto simbólico nome. Despois da desfeita, sentín no meu ser que aínda os tempos non eran chegados. As descargas de Carral seguirán encoando nas almas duns poucos ata que chegue o día da redencións...*

- As narracións organízanse mediante un **xogo de contrastes maniqueos** (tradición/modernidade; mundo rural, mundo urbano; o propio/o alleo; o ben/ o mal, etc) que atinxen a todos os niveis de significación.
- **A paisaxe** convértese en protagonista de capítulos enteiros, con prolíficas descrições impresionistas que rexistran os cambios de estación, as diversas luces do día, etc., buscando sempre establecer unha ligazón simbólica co discorrer da historia. Para Otero Pedrayo a paisaxe está dotada de vida e goberna a vida do home, configurando a súa psicoloxía. Este motivo é fundamental na súa narrativa, inzada de naturezas humanizadas, que non son un simple escenario senón que, dotadas de movemento e animación, se enxergan como consubstanciais do ser humano.


“Era polo verán, e sobre a paisaxe de colleitas voaban as infidas e dubidosas arelas do seu porvir. Un mundo tremoso, como unha carballeira cruzada de carreiros, amolecida por sombras ditosas e manantíos fresqueiros, tamén salferida de penedías bravas, de misteriosa dureza inquietadora. O mociño non collía por un camiño determinado”.

Arredor de si

- A concepción da novela como **un ensaio novelado**, que permite introducir discursos valorativos, ideolóxicos, históricos, etc. Cunha constante intromisión do autor implícito.
- **O estilo oteriano**: podemos falar de dous estilos ben diferenciados na escrita de Otero. O primeiro é de corte **épico**, onde predomina os períodos curtos, abundan as elipses e asíndetons, procedementos que favorecen o dinamismo discursivo. Da outra banda cun marcado estilo de seu constrúe maravillosas descrições **barrocas**, inzadas de imaxes e detalles en longos períodos en que recrea coma ninguén a paisaxe galega.

3.3.2. Obra narrativa.

A súa produción narrativa en galego está composta por sete novelas, cinco relatos curtos e dous libros de contos. Estas adoitan clasificarse atendendo á súa cronoloxía histórica e ao tramamento dos materiais narrativos, segundo isto temos:

R. Otero Pedrayo		OBRA	CONTIDO
 <p>Naceu en Ourense en 1888.</p> <p>Foi catedrático de instituto de Xeografía e Historia e de Xeografía na Universidade de Santiago.</p> <p>Patriarca das letras galegas, foi militante do Partido Galeguista e deputado nas Cortes da República.</p> <p>Morreu en 1976</p>	Narracións histórico-realistas	Contos do camiño e da rúa (1923)	Sete relatos, que reflicte a decadencia da fidalguía, enfocada cunha certa melancolía.
		Pantelas, home libre (1925)	Este relato breve marca o inicio da carreira narrativa de Otero, conta a historia de Pantelas que regresa á súa terra despois de pasar no cárcere doce anos, tinxidos pola lembranza da paisaxe natal. Aparecen os grandes protagonistas do mundo novelesco de Otero Pedrayo: o fidalgo, a tradición e a paisaxe.
		O purgatorio de D. Ramiro (1926)	Sitúa na cidade de Santiago as aventuras de ultratumba, relatadas en terceira persoa, dun fidalgo, vividor e preguiceiro, que despois de morto é reconstruído por un médico que lle une os ósos descarnados con argolas.
		Os camiños da vida (1928)	Novela longa dividida en tres partes: "Os señores da terra", "A maorazga" e "O estudante". É a historia de dúas familias fidalgas, a do pazo dos Doncos e a do pazo da Seara, desde a desamortización de Mendizábal ata a Primeira República. Amósanos como era vivir no Ántigo Réxime e como a introdución do capitalismo fai esmorecer a fidalguía rural e xurdir unha nova clase social, a burguesía, moitas veces de orixe foránea, que non ten escrúpulos para enriquecerse.
		O mesón dos ermos (1936)	É unha novela curta onde temos retratos realistas da vida da aldea e a descrición da paisaxe, plasmados cunha linguaxe de inusitada riqueza expresiva.
		Entre a vendima e a castañeira (1957)	Relatos onde trata de novo o tema dos fidalgos, aínda que agora aparecen outros personaxes populares.
		O señorito da Reboraina (1960)	Dunha maneira paródica e humorística e cunha narración distanciada, Otero cóntanos nesta novela a vida dun fidalgo do século XIX e as súas viaxes polo mundo.



	Narracións psicolóxicas	Escrito na néboa (1927)	Preséntanos a figura de Adrián Solivio, mozo hidalgo que soña con vivir unha vida intelectual e que nos ofrece as análises do seu mundo interior.
		Vidas non paralelas (1930)	Narra as peripecias vitais de tres irmáns fidalgos con personalidades diferenciadas: Rosendo, falto de paz espiritual, que busca acougo na relixión; Pauliños, home materialista que encarna os modos do capitalismo rexeitado por Otero e que sen reparar nos medios consegue facerse cunha grande fortuna; e Xacobe, médico, intelectual e soñador, que anda á procura da súa identidade e vén encontrala na identificación coa súa propia terra.
		Arredor de si (1930)	Novela que narra a historia do intelectual Adrián Solivio, trasunto do propio Otero Pedrayo, que despois de querer sentirse identificado coa cultura española e tamén intentar ser un cosmopolista europeo, descobre que Galicia é un pobo cunha cultura diferenciada e que será no estudo e traballo desta onde se encontrará a si mesmo como individuo e ao mesmo tempo como cidadán do mundo. A novela está contada en terceira persoa, pero a acción transcorre polo intelecto do protagonista, home culto e desacougado.
		Devalar (1935)	É a novela máis moderna de Otero desde o punto de vista técnico: componse dunha serie de cadros que conforman todos xuntos unha representación de Galicia do tempo do Seminario de Estudos Galegos, vista nun clima de esperanza e plenitude.
	Narracións histórico-culturalistas	A romería de Xelmirez (1934)	Novela de asunto medieval. Trata da viaxe que fixo o arcebispo Xelmirez a Roma para solicitar a dignidade do Palio para a sé compostelá.
		Fra vernero (1934)	Constitúe unha excepción da obra oteriana ao ser a única novela que non fai referencia a Galicia. Narra a vida de Zacarías Werner "tres veces divorciado, bardo dos cabarets e das mancebías, feo cacareñado, sensual e xenial" que acaba facéndose bautizar e ordenar sacerdote. Pero, sobre todo, a novela é unha visión da Europa daquel tempo, concebida como escenario de ideas polo que desfilan Mozart, Voltaire, Chateaubriand, Stendhal, Hegel...

3.4. FLORENTINO CUEVILLAS (Ourense 1886 – Ourense 1958)

Foi o prehistoriador do Grupo Nós. En contraste coa personalidade predominantemente creadora de V. Risco e Otero Pedrayo, dedicouse especialmente ás tarefas investigadoras. Non obstante, tamén cultivou a prosa.

3.5. ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO

A importancia de Castelao non reside só na súa obra literaria ou mesmo artista, que a ten, senón tamén no que simboliza a súa traxectoria vital, sobre todo no que se refire á encarnación como símbolo de Galicia, similar a como foi no século XIX Rosalía de Castro, pero a diferenza desta, as súas ideas políticas seguen vivas.

3.5.1. Características da súa prosa e influencias.

Os asuntos das obras de Castelao reflicten, case exclusivamente, **a vida do pobo**: os pesares, as ledicias e as actitudes dos labregos e dos mariñeiros. O rianxeiro ofrécenos unha nova visión do paisano galego, lonxe do ruralismo decimonónico, que procuraba a comicidade a custa do que presentaba como ignorancia e actitudes choqueiras das clases populares. Castelao deixa á marxe a codia externa e penetra no miolo da psicoloxía dos campesiños e mariñeiros galegos. Deste xeito descóbrenos a dignidade dos mesmos, relevándonos a clave dos seus comportamentos como formas de conducta social determinadas polo medio. Castelao amósanos así, o campesiño ou o mariñeiro galego sempre a temer que as forzas da natureza ou da sociedade arruínen a súa xa precaria situación. De aí esa cautela, desconfianza e pasividade ante acontecementos que o sobrepasan e escapan ao seu control.

Esta dignificación do paisano galego, co que Castelao estableceu vínculos de simpatía e comunión, é unha vivencia natural do rianxeiro, vencellado polas súas orixes ás clases populares. O resultado é a consecución dunha arte popular, polo seu contido, forma e aceptación, e ao tempo de grande calidade estética, grazas a riqueza léxica, á atinada construción sintáctica, ao humorismo profundo e ao lirismo que inzan a súa prosa narrativa, ateigada ademais dunha emoción solidaria co ser humano.

A temática principal que vertebra a obra de Castelao, é o pobo galego, basicamente formado por mariñeiros e labregos, aínda que tamén atopamos os restos dunha fidalguía señoriteira e inútil que vive de costas á realidade. Castelao amósanos a súa vida e os seus costumes. Na *Cousa* “Dous vellos que tamén tiveron mocidade”, temos a morte, aínda que sempre tratada de forma orixinal, variada e tinguida de humor, é tamén o eixo temático de discursos realistas e fantásticos, que se entrecruzan frecuentemente na súa obra: *Un ollo de vidro*, *Os vellos non deben de namorarse*, “*O segredo*”, “*O retrato*”, “*Novela*”... Outros textos xiran arredor dos problemas socioeconómicos, a emigración, o desterro, a fame... e a cultura popular, co seu acervo de lendas e tradicións, aínda que tamén atopamos temas tan novidosos como a situación social da muller que aparece reflectido na *cousa* titulada “*A marquesiña*”.

A técnica narrativa caracterízase pola presenza dun procemento que tamén se dá na obra gráfica do rianxeiro: uns trazos colectivos esenciais denotan o fundamental da historia e o resto da información queda suxerida dun modo connotativo. Domina, pois, a forma breve e sintética, sinxela en aparencia mais froito dun laborioso traballo de depuración e escolma.

Castelao utiliza recursos realistas, como o dos papeis atopados que autor se limita a editar ou o relato autobiográfico, en busca de verosimilitude. O apóstrofe ao lector, frecuente na narrativa do rianxeiro “*Non vos riades, porque o conto é triste*”, realízase utilizando a 2ª persoa plural, que xunto con outros efectos do conto popular procura a complicidade emocional do lector.

O **humorismo** é un recurso esencial do tratamento dos temas da súa narrativa. Mediante o humor, Castelao revela o cerne dos asuntos tratados, sen concesións ao simplemente anecdótico. Deste xeito descobre os aspectos máis inesperados pero ao tempo os máis auténticos que agachan o comportamento dos seus personaxes.

*Naquela procesión todos tiñan por quen chorar e todos choraban.
E aínda choraba Baltasara, unha rapaza criada pola caridade de todos, que aparecera dentro dun queipo, a carón dun cruceiro, que non tiña nin pai nin nai, nin por quen chorar: mais ela foi acollida polo andazo do pranto e tamén se desfacía con todos os folgos.
Camiño das casas unha veciña inqueriu da rapaza:
—¿Por que chorabas, Baltasar?
E ela dixo saloucando:
—¿O non ter por quen chorar parécelle pequena desgracia, señora?*

Cousas


Os relatos de Castelao tómanse de lirismo e sentimento persoal, dando lugar a unha prosa especialmente rítmica cando o contido é emotivo. Semella como unha música interna ao relato que serve para subliñar de forma solemne os clímax emotivos e, asemade, contribúe a aliviar a tensión do momento.

Os **desenlaces** están coidados con esmero e a miúdo rematan nun clímax con epifonema². Deste xeito, o narrador expresa nunha atinada síntese a esencia do relato. Noutras ocasións, despois do clímax narrativo, o conto prolóngase unhas liñas máis, que serven para lograr unha distensión final.



² Epifonema: figura de pensamento que conclúe un relato cunha exclamación ou meditación profundas.

3.5.2. OBRA

A. Daniel Rodríguez Castelao	OBRA	CONTIDO	
 Nace en Rianxo en 1886. Teorizador do nacionalismo galego en <i>Sempre en Galiza</i> , foi membro destacado do Partido Galeguista e deputado nas Cortes da República. Morreu no exilio, en Bos Aires, en 1950.	<i>Un ollo de vidro</i> (1922)	Relatos	Leva como subtítulo “Memorias dun esqueleto”. No prólogo diríxese ao lector o propio Castelao que explica como atopou as memorias do esqueleto que veñen a continuación. Estas son unha serie de secuencias narrativas que non gardan outra unidade que a de estar contadas por un mesmo narrador (o esqueleto, que lembra os sucesos da súa vida pasada) a dous colegas de cemiterio, percibidos a través da prótese de vidro que lle tapara de vivo, o oco dun ollo perdido. A temática de ultratumba xa fora abordada por Risco con tratamento semellante do humor negro, pero hai nesta como no resto das obras de Castelao unha dose de tenrura inusual no mestre ourensán. É ben significativa da súa concepción do humor a cita de Mark Twain inserida por Castelao no inicio do libro: <i>Debaixo do humorismo hai sempre unha grande dor; por iso no ceo non hai humoristas.</i>
	<i>Cousas</i> (1926 - 1929)	Relatos	Son un conxunto de 45 relatos nos que combina de maneira sintética e harmoniosa debuxo, que mostra o intre preciso, e a narración.
	<i>Retrincos</i> (1934)	Relatos	Colección de cinco contos que se nos presentan como autobiográficos e que recollen cinco momentos da vida de Castelao, ordenados cronoloxicamente.
	<i>Os dous de sempre</i> (1934)	Novela	Única novela do autor rianxeiro con debuxos del mesmo e con capítulos tan traballados que parecen relatos autónomos, pero que ao ser a historia de dous personaxes, Pedro e Rañolas, ao longo da súa vida, dannos unha novela ao estilo das picarescas. Son dous personaxes antitéticos, Pedro é un ser pasivo que só se preocupa por comer e non ten inquietudes de ningún tipo, mentres Rañolas, unha persoa eivada e marcado pola procedencia miserable dos seus pais, é capaz de progresar e facerse reloxeiro despois de estar emigrante en París. Ten un final inesperado: Rañolas obsesionado polas ideas anarquistas suicídase, mentres Pedro triunfa conseguindo o respecto e benestar que pretendía.

4. A XERACIÓN DO 25

As vangardas non alcanzou tanta relevancia no campo narrativo como no poético, entre outras razóns por estaren aínda en plena fase creativa os narradores do Grupo Nós. Se ben, non despuntan individualidades, coa soa excepción de Rafael Dieste, colectivamente a súa achega é imprescindible para a consolidación da prosa de creación en galego. Para entender plenamente a importancia dos prosistas da “nova xeración”, debemos ter en conta tamén que pertencen a ela tres dos máis importantes narradores do século XX, Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro e Ánxel Fole, que publican agora os seus primeiros esbozos narrativos, aínda que a súa madurez creadora vai retardarse ata os anos 50.

Pero, sen ningunha dúbida, o principal prosista da xeración do 25 no período anterior á guerra foi Dieste.

4.1. RAFAEL DIESTE (Rianxo 1899-1981)

É un dos escritores que dunha maneira decisiva loitou pola introdución da vangarda na literatura galega tanto na literatura (xornalismo, narrativa e teatro) como nas artes plásticas. Foi fundamental a súa relación con Manuel Antonio e a formación intelectual ao lado do seu irmán Eduardo e de Castelao. En Vigo coincidirá cun grupo de pintores novos que renovarán a pintura galega: Carlos Maside, Arturo Souto, Manuel Colmeiro. Esta xeración estará en contacto e en contraposición coa Xeración Nós. Foi Dieste quen, dunha maneira decisiva, se enfrontará a V. Risco, e este acusarao de hipercrítico.

4.1.1. Características da súa obra narrativa.

Dos arquivos do trasno (1926) foi a súa única obra en galego. Na introdución ten uns aforismos que son un verdadeiro manifesto da súa narrativa: basearanse en elementos populares reelaborados intelectualmente.

Limiar

A unidade emotiva conséguese no conto pola obsesión do que ten que sobrevivir.

O remate debe ter a virtude de facer simultáneas no espírito as imaxes que foron sucesivas.

A presenza do remate debe estar atafagada, pero latexando con forte resonancia en tódolos currunchos do relato.

O remate é unha imaxe que fai estoupar o conto nas palabras derradeiras, despois de inzalo poderosamente.

O conto é unha pelica na que se sente o pulso dunha imaxe contida.

O conto é un remuíño que fan arredor dunha lámpada moitas bolboretas todas mergulladas na mesma luz.

Esta poética pode resumirse en dous principios:

- A unidade de efecto.
- A esencialidade do remate.

O conto debe estar en **función do remate** e este debe estar presente ao longo da narración. Hai un xogo de narradores variados e os finais de moitos contos son sorprendentes, abertos. En “O neno suicida”, por exemplo, trata o tempo ao revés (o personaxe vai de vello para novo); se o encadre do conto está en terceira persoa, será un personaxe o que conta a historia do neno que se suicidara, segundo a noticia do xornal. Hai contos que lembran as *Cousas de Castelao* “Estreliña”; noutros predominan o misterio e a ambientación máxica. Hai un grande dominio da lingua literaria.

Moitos autores teñen relacionado o estilo dos contos de Dieste coas *Cousas de Castelao*, con E. Allan Poe ou J.L. Borges. Na narrativa de Dieste destacan fundamentalmente tres trazos:

- a) **A importancia concedida á técnica.** Dáse na súa obra unha sabia mestura do culto e do popular e un desexo de implicar activamente ao lector na decodificación do texto. Así emprega recursos típicos do relato oral popular: apelacións ao auditorio, autoxustificacións do narrador «*Eu sei dunha muller*», referencias de tempo e espazo máis ou menos precisas «*Aló polo mil oitocentos trinta*», presenza de disgresións, aparición de historias encaixadas dentro da historia ou argumento principal, etc. De raíz culta son o gusto pola descrición plástica impresionista de ambientes e personaxes, a rica adxectivización, a disposición fragmentaria do material narrativo, as numerosas rupturas no plano temporal, a tinxidura lírica dalgunhas historias como “Na morte de Estreliña”, “Nova York é noso” ou “O vello que quería ve-lo tren” relatos que posúen unha contida emoción lírica tinxida de dramatismo e tristura, os comezos *in media res* e a tendencia a finais abertos.
- b) **A preferencia por temas que teñan misterio** ou algún matiz extraordinario. En *Dos arquivos do trasno*, Dieste combina relatos realistas con outros fantásticos, nos que non faltan elementos macabros, terroríficos ou de ciencia-ficción. Tal é o caso do conto “De cómo veu a Rianxo unha balea” baseado nun feito real acontecido na vila mariñeira aludida no título. Pero ao carón desta lembranza rianxeira, feito entra no universo de ficción noutros relatos como “O neno suicida” ou “O drama do cabalo de axedrez”.
- c) **A orixe popular das historias contadas**, posta de manifesto nos argumentos próximos ás lendas e supersticións e no perfil dos seus personaxes-protagonistas, que recolle dos ambientes de Rianxo de comezos de século. Estes personaxes enfróntanse a adversidades de toda caste (pobreza, morte, desilusión, emigración, sufrimento, marxinación...) e, con todo, conseguen nalgúns casos descubrir valores como a dignidade e a solidariedade.

5. A PROSA NO EXILIO

Coa chegada da ditadura, América vai ser o lugar escollido por moitos exiliados políticos que foxen da represión franquista e alín van reforzar o traballo das organizacións de emigrantes (Castelao, Suárez Picallo, Luís Seoane...).

A continuidade do traballo literario, cultural só será posible na diáspora, onde terán feitos tan importantes como a publicación da *Esmorga* de E. Blanco Amor.

5.1. Características xerais.

As novelas do exilio e de temática centrada na guerra do 36 caracterízanse por:

- Denunciar as inxustizas sociais.
- A loita pola supervivencia.
- A permanente insatisfacción existencial.
- O ton político crecente, a loita galeguista.

É evidente que as circunstancias persoais de cada escritor inflúe decisivamente na visión que se ten do exilio.

En canto ás técnicas narrativas e estilos, en termos xerais temos:

- Narracións sentimentais e nostálxicas como as de Silvio Santiago ou Alonso Ríos.
- Preferencia pola modalidade autobiográfica como é o caso de Ramón Valenzuela.

5.2. Autores e obras máis representativas.

A prosa escrita na posguerra polo exilio galego amosa unha clara e ben explicable preferencia pola temática da guerra civil, abordada cun afán memorialístico e nun ton de denuncia e testemuña. Entre os autores que cultivaron esta vertente destacan:

RAMON VALENZUELA OTERO. Publicou en Bos Aires *Non agardei por ninguén* (Editorial Citania, 1957), novela que se centra nas peripecias de Gonzalo Ozores como guerrilleiro nos montes de Galicia e como soldado na fronte de batalla. A súa segunda novela, *Era tempo de apandar* (1980), complementa a primeira: un eu protagonista relata a súa vida no exilio francés, a repatriación forzosa, a pasaxe polas cadeas franquistas de Burgos e Ávila e o regreso á terras galegas de Trasdeza, onde se adicará ao traballo nas minas de volframio da zona.

SILVIO SANTIAGO. É autor de novelas memorialísticas *Villardevós* (1961), sobre a súa infancia na súa aldea natal, e *O silencio Redimido* (1976), en que relata a súa aventura para fuxir da España de Franco e as terribles situacións por que tiveron que pasar moitas persoas durante esta etapa.

ANTÓN ALONSO RÍOS. Principiou a súa traxectoria como novelista coa obra *Da saudade. Amore, arte e misticismo* (1956), que está na liña narrativa do Grupo Nós: protagonismo da paisaxe, apego á terra, carga culturalista e filosófica, evocación da fildaguía e do mundo dos pazos rurais, etc. A seguir relatou memorialisticamente os vinte meses que botou percorrendo a Galicia de Franco disfrazado de esmolante portugués e a súa posterior fuxida cara ao exilio na novela *O señor Afranio, ou como me rispei das gadoupas da morte* (1979). Finalmente en 1992 publicouse a súa novela inédita *Nidia*, que ten como protagonista unha monxa e vehiculiza unha infinidade de reflexións filosóficas, teolóxicas e morais, maiormente desde unha actitude crítica con todo aquilo que afaste ao ser humano das formas de vida naturais.

ANTONIO FERNÁNDEZ PÉREZ. Ligado as terras de Verín, escribiu nos anos 50 a novela *Terra coutada*, publicada en 1990. Esta protagonizada por un mestre galeguista que foxe a Portugal durante a guerra e embarca despois para o exilio americano.

A NARRATIVA CURTA

Este subxénero, de prolífica tradición nas nosas letras, vai ter tamén a súa continuidade no exilio. Un exiliado como Rafael Dieste, que xa vimos, publica moitos dos seus relatos no mundo da diáspora. O activo Xosé Nuñez Búa (Pontevedra, 1897 – A Plata 1981), escribe varios relatos que se publican na revista *Galicia Emigrante*: “O fadista”, “O abade Uxío”, “O asobío do merlo”, etc. Outro escritor do relato curto é Antonio Baltar Domínguez (Compostela 1906 –Bos Aires 1970), con títulos publicados na devandita revista como: “Táboas para un cadaleito”, “Festa e trasmutazón nos Andes”, etc. Ramón Valenzuela do cal xa estudamos a súa novelística tamén é autor de relatos curtos reunidos no volume *O naranxo* (1974). Incluso Luís Seoane tamén se aventurou no mundo da narrativa co conto “Un cristo da Montaña” (1954).

6. A PROSA DE POSGUERRA

Historicamente estamos na época da posguerra, e debido a personalidade individualista destes autores analizarémolos por separado.

A produción narrativa en galego interrómtese bruscamente tras o golpe de estado de 1936. A primeira novela de posguerra aparece en 1950: trátase de *A xente da barreira*, de Ricardo Carballo Calero, galardoada o ano antes no concurso organizado pola editorial “Bibliófilos gallegos”. Desde ese momento prodúcese unha lenta consolidación do xénero que, sen alcanzar altos niveis cuantitativos, permite a aparición dun bo número de obras mestras unanimemente consideradas como clásicas nas nosas letras.

6.1. Principais liñas temáticas.

Nos anos 50 comeza a perfilarse unha serie de liñas narrativas e núcleos temáticos que se manterán en parte ata os nosos días:

Liñas narrativas e núcleos temáticos	características	Autores e obras
A guerra e a represión franquista.	É a prosa do exilio, xa vista que reflicte a través de crónicas realistas a temática da guerra civil e da inmediata posguerra	Silvio Santiago, <i>O silencio redimido</i> . Ramón Valenzuela, <i>Non agardei por ningún</i> .
Continuadores da Xeración Nós	Diversificación dos temas (históricos, realistas, tradicionais) e das técnicas (rupturas temporais, monólogo interior).	R. Carballo Calero, <i>A xente da Barreira</i> . R. Otero Pedrayo, <i>Entre a vendima e a castañeira</i> .
Realismo popular	Reproducción literaria e culta do conto popular sen se afastar das características propias do relato oral.	Ánxel Fole, <i>A lus do candil e Terra Brava</i> . A. Cunqueiro, <i>Escola de menciñeiros, Os outros feirantes</i> .
Realismo fantástico	Recreación de mundos míticos e fantásticos de orixe árabe, nórdica, mesturados coa imaxinación colectiva do mundo popular.	A. Cunqueiro, <i>Se o vello Simbad vólvese ás illas, Merlín e familia...</i>
Realismo social	Centrado na vida das clases populares e no espazo urbano. Uso de novos recursos narrativos (o interrogatorio, o persectivismo...)	E. Blanco Amor: <i>A esmorga, Xente ao lonxe..</i>

Poderíamos aínda engadir A **NOVA NARRATIVA**, a cal só citaremos xa que será analizada no seguinte tema. Só comentar que é un proxecto rupturista impulsado polas novas promocións literarias xa formadas no franquismo e polo tanto cunha feble vinculación á tradición literaria de preguerra. Van abrir novos camiños para a nosa narrativa: experimentalismo formal, ambientación urbana, desdeñan o folclorismo temático e o realismo vulgar, afonda na psique do home. Características que xa están presentes na obra narrativa de E. Blanco Amor.

6.2. O REALISMO POPULAR de Ánxel Fole.

Ánxel Fole (1903 – 1986) naceu en Lugo, onde residiu case toda a súa vida. Estudou dereito, e dedicouse ao xornalismo. Formou parte da Nova Xeración Galega que emprende o seu labor literario na segunda metade dos anos 20. A guerra impide a divulgación do seu primeiro libro *Auga lizgaira*, do que aqueles contos era un adianto. Rematada a guerra, refúxiase da represión franquista na aldea quiroguesa da Veiguiña, tendo ocasión de profundizar no coñecemento do mundo rural e da paisaxe que servirá de marco para a súa obra: o val de Quiroga, as terras do Incio e o Caurel. A fins da década dos corenta, regresa á actividade pública da participando na prensa luguesa e uníndose como fundador ao proxecto da Editorial Galaxia. Nela publica en 1953 *Á lus do candil. Contos ao carón do lume*. Fole incorpórase así ao proceso de recuperación narrativa revitalizando unha liña temática con tradición xa na literatura de preguerra, o realismo popular ou etnográfico impulsado nos anos vinte por V. Risco e presente tamén en moitas páxinas de Otero.

6.2.1. Características da súa prosa.

A escrita de Ánxel Fole caracterízase por unha serie de trazos aos que é fiel na totalidade da súa obra:

- **Naturalismo lingüístico:** adopta como modelo a lingua oral, reproducindo a súa diversidade dialectal e incluso os usos vulgares e arcaizantes.
- Predilección polo conto como representación xenuína da **cultura popular**, e entre as posibilidades que ofrece o xénero, predilección polo conto para contar (modelo oral) fronte ao conto para ler (conto literario).
- **Realismo narrativo.** Os elementos fantásticos teñen sempre plena xustificación como produto das alucinacións, as crenzas e as fantasías.
- **Procura da orixinalidade técnica e estilística**, pois considera a técnica e o estilo como produtos singulares da personalidade do escritor.
- **Asunción dun compromiso moral do escritor coa súa terra e co seu tempo:** *“A fazaña meirande dos escritores galegos sería cambea-lo noso clima moral”*.
- Percepción da paisaxe como elemento diferenciador da literatura galega.

6.2.2. Obra narrativa.

Fole destacou como escritor de relatos breves. Como xa dixemos a súa técnica baséase na dos contos populares de tradición oral: historias narradas por un personaxe ante outros que actúan de auditorio e cos que se establece un diálogo. E

onde os temas tamén proceden desa tradición oral: historias de lobos e de meigas, de aparecidos, de premonicións ou avisos de morte, de lendas populares, etc. O seu obxectivo é suxerir o sobrenatural, con atmosferas de misterio e de tensión. E como non case todos eles transcorren nas terras luguesas en que viviu.

A XERACIÓN DOS 50	OBRA	CONTIDO	
<p>Anxel Fole</p>  <p>Naceu en Lugo en 1903. Compañeiro no bacharelato de Cunqueiro, estudou Dereito, pero pronto se dedicou ao xornalismo e á literatura. Foi secretario provincial en Lugo do Partido Galeguista. Foi membro da Real Academia Galega. Morreu en 1986</p>	<p>Á lus do candil. Contos a carón do lume. (1953)</p>	Relatos	<p>Cun prólogo autoral “Terra do Caurel”, que funciona como xustificación e marco para o conxunto narrativo: o que o lector ten diante son 14 relatos cun fio condutor común. Estando nunha cacería no Courel os personaxes vense sorprendidos por unha nevarada que os retén na Torre de Abrantes, terras do Courel ao carón do lume e á luz do candil onde van contando diversos contos fantásticos nunha especie de Decamerón. O recompilador pasará os relatos a papel na mañá seguinte.</p>
	<p>Terra Brava. Contos da Solaina (1955)</p>	Relatos	<p>O sobriño dun médico encontrará nun cartafol os relatos que lemos. Interésalle agora mostrar a realidade galega desde o punto de vista antropolóxico, con afán didáctico que resta efectividade narrativa. Como introdución hai un capítulo “Solaina” onde Gasparo, o seu tío e outros personaxes reflexionan sobre o misterio e os casos paranormais sobre o carácter galego.</p>
	<p>Contos da néboa (1973)</p>	Relatos	<p>Precedidos dun prólogo no que o autor dá a súa visión dos contos, do uso literario da lingua, da paisaxe e do home galego. Ségueno dezoito relatos sen conexión entre si como nos libros anteriores. Agora os relatos desenvólvense no mundo urbano, sobre todo na cidade de Lugo na que vive e traballa de xornalista. Hai maior presenza de relatos cómicos e humorísticos e parodia de relatos detectivescos estilo Sherlock Holmes. De novo aparece o fantástico como produto do engano e a confusión.</p>
	<p>Historias que ninguén cre (1981)</p>	Relatos	<p>De novo segue fiel ao seu estilo oral, á súa temática misteriosa e á súa dimensión humorística.</p>

6.3. O REALISMO FANTÁSTICO De A. Cunqueiro.

Alvaro Cunqueiro naceu en Mondoñedo en 1911 e morreu en Vigo en 1981.


Nun tempo que estaba de moda a narrativa existencialista e social, el fará unha obra singular, mestura de novelas fantásticas de todos os tempos ambientada nun mundo real próximo ao mundo tradicional galego que fara del un precursor do realismo máxico latinoamericano (García Marquez, Jorge Luís Borges, Alejo Carpentier...). Se a súa obra foi vista no seu día como unha invitación á evasión da realidade nun momento histórico de miseria e falta de liberdades, o paso do tempo descubriranos un dos autores máis interesantes da narrativa galega e universal.

A súa obra narrativa en galego consta de tres novelas nas que recrea mitos da literatura universal: *Merlín e familia* (1955), *As Crónicas do sochantre* (1956), *Si o vello Sinbad volveuse ás illas* (1961) e tres libros de relatos ou “semblanzas” de personaxes populares: *Escola de menciñeiros* (1960), *Xente de aquí e de acolá* (1971), *Os outros feirantes* (1979). E todas teñen ese estilo tan persoal e perfectamente distinguible do noso autor mindoniense.

6.3.1. Características da súa prosa.

- a) **Tendencia á disgregación da novela.** As novelas de Cunqueiro constrúense mediante a acumulación de relatos argumentalmente inconexos, ensamblados cunha técnica semellante á das caixas chinesas: cando abrimos unha historia, imos encontrar dentro outra, que así mesmo pode encerrar outra. Non podemos falar de progresión da narración, nin dun relato principal e outro(s) secundario(s), dado que cada un constitúe un universo autónomo, cos seus personaxes propios e similar xerarquía narrativa. A isto únese a confluencia de múltiples narradores que se converten en personaxes e viceversa.
- b) **Predominancia da oralidade no estilo:** O seu modelo estilístico hai que buscalo no conto de tradición oral e, incluso, no modo en que a xente relata os feitos e anécdotas na taberna ou nunha sobremesa. Os períodos extensos, o polisíndeto, as continuas disgresións e o recurso ao diálogo, son características destacables deste xeito de narrar. Os arcaísmos e dialectalismos propios do galego da área mindoniense imprimen aínda maior sabor popular aos textos.
- c) **Entrecruzamento do extraordinario e marabillos co cotián (humanización do mito /mitificación do humano):** Un trazo característico das súas narracións populares é tamén a eliminación de fronteiras entre a realidade e a imaxinación. Así criaturas de ficción como Merlín, dona Xenebra, Simbad, pasan ao lado das xentes do común e comparten con eles vivencias e traballos, manifestando preocupacións moi semellantes ás súas. Por este procedemento, os seres máxicos humanízanse e elevan á categoría de mito os personaxes correntes.
- d) **Fantasía, humor, poeticidade:** O choque do mundo real e do mítico pode producir o humor en forma de ironía tenra ou grotesca, pero sempre amable: *Simbad é campión no xogo da chapa no reino de Bolanda; dona Ginebra, que non era do país, prendía algo na fala...* A ironía encerra unha grande dose de tenrura cando Sinbad nomea a un cego como vixía do seu novo barco ou pretende disimular a súa coxeira para manter a fachenda; transfórmase en lirismo ao nos describir a fraga de Esmelle, a máxica casa de Merlín. Finalmente o humor convértese en melancolía cando os seus personaxes comprobamos que os seus mundos fantásticos se derrumban contra a máis dura realidade.

6.3.2. Obra narrativa.

A XERACIÓN DOS 50	OBRA	CONTIDO	
<p>ALVARO CUNQUEIRO</p>  <p>Naceu en Mondoñedo en 1911. Considerado un dos grandes autores da literatura galega. Estudou filosofía e letras, pero deixouno para dedicarse ao xornalismo. Colaborou con numerosas publicacións cegando a dirixir o Faro de Vigo. Morreu en Vigo en 1981.</p>	<p><i>Merlín e familia</i> (1955)</p>	Novela	Ten como personaxe central o famoso mago Merlín que vive nas terras de Miranda nun pazo herdado dunha tía súa. O narrador é un paxe xa vello, Felipe de Amancia, que conta as vivencias do seu amo cando traballou para el sendo novo. Hai unha segunda parte na que Felipe de Amancia xa casado conta historias de personaxes que pasan camiño de Santiago.
	<p><i>As crónicas do Sochantre</i> (1956)</p>	Novela	Ambientada na Bretaña francesa nos tempos da Revolución francesa, é a historia dun sochantre de Pontivy que é chamado para tocar o bombardino no enterro do fidalgo de Quelven. Sobe a unha carroza na que se encontra cun grupo de personaxes que veñen sendo un grupo de defuntos que contarán na segunda parte as historias truculentas das súas vidas non exentas de humorismo. Na terceira parte fan a viaxe por Bretaña e rematará a obra, despois de suplantaren a unha compañía de cómicos italianos nunha obra de teatro, volvendo a Pontivy. Á súa ausencia foi substituído por outro personaxe e herdará unha pomariña do defundo fidalgo de Quelven.
	<p><i>Se o vello Simbad volveuse ás illas</i> (1961)</p>	Novela	Simbad, xa vello, vive no país de Bolanda e vai á taberna de Mansur a contar historias que non lle cren polo que decide organizar unha viaxe no navío "A Venadita" co seu paxe Sari e un vixía cego; para iso farán a viaxe a Basora, pero en realidade non hai barco nin viaxe e o Simbad volverá para a súa casa despois de cegar de repente ao descubrir que só os seus soños constituían a auténtica realidade.
	<p><i>Escola de menciñeiros</i> (1960)</p>	Retratos	Estas obras comparte trazos formais e temáticos: un narrador, a través da técnica do relato oral, retrata un conxunto de tipos galegos (menciñeiros, soñadores...) que reflecten a idiosincrasia do noso pobo. A carón dos trazos realistas e imaginarios ofrécense boas doses de humor.
	<p><i>Xente de aquí e de acolá</i> (1971)</p>	Retratos	
	<p><i>Os outros feirantes</i> (1979)</p>	Retratos	

6.4. O REALISMO SOCIAL de Eduardo Blanco Amor.

Naceu en Ourense en 1897 e morreu en Vigo 1979). É un dos autores máis interesantes da literatura galega, tanto polo seu valor literario como pola complexidade da súa vida. Marcado polo amor da súa nai e polo abandono do fogar do seu pai, ten unha personalidade controvertida, que o leva a marchar da casa aos quince anos e que, despois de ser formado intelectual e literariamente por Vicente Risco, o empuxa a emigrar a América onde se fará un famoso xornalista no xornal arxentino *La Nación*.

Alí alternará coa alta sociedade arxentina, ao tempo se dedica ao traballo intenso nas sociedades de emigrantes a través da creación e colaboración en revistas, conferencias, etc., na *Federación de Sociedades Galegas*. Dirixiu a revista *Terra* en 1923 e participou na dirección da revista *Céltiga* de 1924 a 1931 xunto con Ramón Suárez Picallo, con que comparte o seu galeguismo cunha visión desde a esquerda.


6.4.1. Características da súa prosa.

E. Blanco Amor comeza o camiño da renovación narrativa e convértese nun dos máximos representantes do **realismo social**. Os trazos que caracterizan esta corrente son os seguintes:

- **Renovación da modalización narrativa.** Fronte ao narrador omnisciente habitual na novela galega anterior. Blanco Amor amósanos o dominio dun narrador-editor-investigador.. que podemos observar en *A esmorga*. Xunto a este tamén utilizará habitualmente nas súas obras un narrador testemuña en primeira persoa. Hai un uso constante do perspectivismo.
- **Ambientación urbana.** A vella cidade de Ourense = Auria convértese en marco de todos os acontecementos.
- Céntrase na **problemática das clases máis desfavorecidas**: a pobreza, a fame, a marxinación e mesmo a delincuencia e a violencia.
- Sérvese da **lingua popular**. A través dela consegue reflectir fielmente a fala das clases que quere tratar.

O propio E. Blanco Amor opina sobre a súa escrita e di: «*Eu non fago plans de novelas, fago xente, invento dous ou tres personaxes e a partir deles unha acción mínima. Ese é o gromo primeiro. Logo xa eles saben vivir pola súa conta. Eu son somentes un testigo do seu propio vivir, un testigo que ás veces é o primeiro sorprendido das súas accións, do seu comportamento.*»

6.4.2. Obra narrativa.

A XERACIÓN DOS 50	OBRA	CONTIDO	
<p>EDUARDO BLANCO AMOR</p>  <p>Nado en 1897, pasa a súa primeira infancia e xuventude en Ourense, onde comeza a súa relación coa intelectualidade e a súa produción xornalística.</p> <p>Emigra a Argentina, onde leva adiante unha fecunda actividade cultural. Traballa como xornalista e nos anos da República volve como correspondente. A partir de 1936 a estancia en Argentina é forzada. Non volve a Galicia ata 1965, onde segue cunha intensa actividade xornalística e literaria.</p> <p>Os últimos anos en Galicia son complicados pola súa situación económica e morre en Vigo en 1979.</p>	<i>Os nonnatos</i>	Contos	Fragments dunha novela de corte vangardista,
	<i>A escadeira de Xacob (1933)</i>	Novela	Novela de corte vangardista, que tiña rematada e só publicou varios capítulos na revista Nós. É a historia dun xudeu argentino, especulador en bolsa, que descobre a beleza da arte. O autor interrompe a publicación polo que estaban facendo os nazis cos xudeus en Alemaña.
	<i>A esmorga (1955)</i>	Novela	Ambientada en Auria, a finais do século XIX e principios do XX, un narrador protagonista Cibrán conta, nun interrogatorio ante un xuíz, os sucesos ocorridos a tres personaxes: o propio Cibrán, o Bocas e o Milhomes durante vinte e catro horas de esmorga.
	<i>Os biosbardos (1962)</i>	Relatos	Son un conxunto de sete relatos contados en primeira persoa por un narrador infantil ou adolescente. Os protagonistas dos relatos son nenos pertencentes, na súa maioría, ás clases populares. Os seus problemas reais (a pobreza, a descuberta do sexo e o erotismo en condicións de ignorancia, a emigración...) mesturados cunha dose de imaxinación e fantasía, compoñen o universo temático da obra.
	<i>Xente ao lonxe (1972)</i>	Novela	É unha radiografía de Ourense de comezos do século. O relato céntrase na historia dunha familia da sociedade da época (o ensino, o sexo, a pobreza, a condición da muller, as loitas políticas, o mundo obreiro...).

7. CONCLUSIÓN

Como acabamos de ver, tanto As Irmandades da Fala como a Xeración Nós e os autores analizados neste tema perseguiron e conseguiron a modernización da nosa prosa, coa conseguente superación do costumismo tan cultivado nos séculos anteriores.

Esta modernización dáse coa introdución de novos temas, así como coa incorporación de novidosas técnica narrativas que xa estaban a ensaiar, tamén, noutras literaturas e que os nosos autores dominaron notablemente.

Así a narrativa de E. Blanco Amor supón xunto coa de Cunqueiro e a pesar de ser totalmente distintas, a inauguración dunha técnica renovadora que busca na experimentación técnica e/ou subersión ideolóxica as vías para superar o realismo convencional. No caso de *A Esmorga*, a fórmula enunciativa escollida permite o avance do xénero en dous niveis: por un lado, vehiculizado no discurso dun grupo social marxinado –subproletariado urbano- ata entón ausente na narrativa, por outro silenciado de forma sutil o discurso do poder. Neste sentido *Xente ao lonxe* (censurada no 1972 e completada no 1979) suporá o novedoso emprego da polifonía para incorporar ao discurso narrativo voces portadoras de valores alternativos e de ideoloxías subersivas.

A continuación presentámosche unha antoloxía que recolle algúns dos textos máis representativos dos diferentes autores analizados ao longo desta sección ou unidade. Lembra que a súa lectura é obrigatoria, e que sobre eles traballarás na maioría dos exercicios correspondentes a esta unidade (autoavaliación, de apoio e de envío ao titor).

ANTOLOXÍA DE TEXTOS

1

A VELLIÑA VELLA (1924) (Principio dunha historia)

O escudeiro Pai Soares que non fora na súa vida ao San Andrés de Teixido, ergueuse na súa cova e tomou camiño cara ao Norte.

Camiñando, camiñando, surtiulle unha velliña vella, branca como o luar, de loito vestida. Pai Soares ficou os xionllos no chan e beixoulle os pés.

- *¿Pra onde vas, Pai Soares?*
- *Lonxe, cara ao Norte, ao San Andrés de Teixido.*
- *Non entrarás no ceo se aló non vas...*
- *Ides soliña e tristeira...*
- *Croa podía eu levar na miña testa.*
- *¡Se tivérades fillos que a recadasen!*
- *¿Logo é certo que o mundo principia unha nova vida?*
- *Andan a creba-las vellas cadeas.*
- *Tamén eu vou chamar ós meus fillos.*

E a velliña vella colleu para a vila e chamou á porta dun seu fillo que era avogado.

- *Veño a que defénda-lo meu dereito.*
- *¿Cal é, logo, o voso dereito?*
- *Houbo un tempo no que toda esta terra era miña, i os meus fillos tamén eran meus. Mais viñeron os meus veciños e figuéronse donos dos meus eidos, e mais asañáronse na miña honra. E trocaron de tal xeito ós meus fillos, que case non os coñezo, nin iles me coñecen a min. Tanto se imitan ós estranos... E coma ti es avogado, quero que defénda-lo meu dereito, pra que me fagan xustiza, e me volvan os meus fillos, e me volvan o meu casar.*

Respondeu o avogado:

— *Señora, eu non podo defende-lo voso dereito, que non está escrito en ningún código. Eu non defendo máis que os dereitos que estean amparados pola lei.*

E a velliña vella marchou coa ialma amargurada pola rúa da orballeira frienta, e foi onda un seu fillo que era escritor.

— *Onda ti veño pra que me defendas. Ti escribes nos papeis e os homes escóitanche. Fixéronme inxustiza e tiráronme o que era meu. O meu fillo o avogado me non quer defender porque o meu dereito non está nos códigos. Mais ti has falar por min, pra que a xente faga leis que me amparen.*

Respondeu o escritor:

— *Señora, a xente dame tino porque lle falo do que ela quer. ¿Quen ten que ver co voso dereito? Eu non vos podo defender, senón perderei o creto.*

E a velliña vella marchou coa ialma amargurada pola rúa choviñenta, petar a outra porta. E foi ver a un seu fillo que viñera das Américas con moito diñeiro.

— *Eiquí veño onda ti, porque os que me podían defender, desbótanme; non queren pidir pra min xustiza, nin vingalos aldraxes que me fan. É que me ven probe. Mais ti darasme cartos i erguerei tódolos meus fillos atrás de min.*

Respondeu o american:

— Señora, eu teño que atender cos meus cartos ás obras que traio antre as mans: eu fago escolas, asilos e hospitáis que pasman á xente e pregoan o meu nome. ¿Se eu vos dera tino, quen me iba chamar gran filántropo?

E a velliña vella fuxiu da vila e principiou a andar por unha corredoira enlamada. Ó pé do camiño, atopou a un dos seus fillos, que era labrego, traballando nun eido.

A velliña vella faloulle:

— Eu tiñá terras, e xa non as teño; tiña fillos, e os fillos déixanme. Andiven a pedir xustiza, pecháronme tódalas portas...

O labrego escoitaba moi atento, botando pra diante, apoiado coas dúas mans no legón.

A velliña vella seguiu:

— Andiven na vila petando a tódalas portas, de todas me botaron. Agora veño onda ti, que me has defender contra todos. Se ti ques, recobrarei as miñas terras, os meus fillos voltarán onda min, e tornarei a ser o que fun.

O labrego respondeu:

— Señora, o que a Vostede lle pasa, levar, lévame lástima... ¡Afellas que ma leva!... Mais niste mundo, cada un goberna a súa vida e procura de seu... Veleí está: si viñera un goberno que quitara os foros, que quitara os caciques, que quitara os trabucos...

E revolveuse e seguiu sachando no eido.

A velliña vella, magoada e tristeira foi andando, andando...

O escudeiro Pai Soares tornaba da súa romaxe, en procura da súa campá na eirexa da aldea. No medio da gándara esquiva, atopou á velliña vella, a carón unha pedra das que chaman pedras dos xentís.

Estaba petando nela nun croio, pra espertar ós que dormen debaixo o sono eterno...

VICENTE RISCO

2

OS SEÑORES DA TERRA

Tripou o cabalo pola canella, e chégou unha rara figura de home fracote, escanabouzado, xordo de comenencia e pitarroso de ollos [...] O recaudador. Pola porta da Pedreira metíase todo o mundo: as arroiadas, os cás famentos, os labregos, os pedichós. Unha noite tamén entróu o lobo e metéuse na corte das ovellas. A fidalga recibiu ó home cunha curtesía de quen teima cobrir a vergonza íntima. Ben se decataba il da falta de cartos. Naquil tempo, a idea de Estado comezaba a facer forza na aldea. Astra entón gobernaban potenzas antergas, visibres, presentes. O poder estaba representado por monxes e cregos, por fidalgos cobradores e comedores, mais ó tempo cheos de confianza cos paisanos. Moito tardóu a idea abstracta do Estado en se sentir nos eidos. Daquela entraba no pazo o Estado na persoa dun novo tipo, nin labrego nin señor. Co tempo, os recaudadores fixéronse señoritos.

Ramón Otero Pedrayo
Os camiños da vida (1928)

Texto-imaxe 3



Faunalia



**-Yo digo que los caciques no son referentes
del gobierno; el gobierno es el referente de
los caciques**

**A. Daniel Rodríguez Castelao
Cousa da vida**

4

NA MORTE DE ESTRELIÑA

Chamábase Estreliña e era moi gabaxeira e linda.

Dicíalle a nai: “Vai á fonte, Estreliña”.

E Estreliña ía á fonte.

Dicíalle a nai: “Vai á horta, Estreliña, e dille a papá que deixe a poda e veña xantar”.

E Estreliña ía a correr, moi contenta de cumprilo mandado e chamaba polo pai.

Dicíalle o pai: “Ponte queda, Estreliña, que che vai traba-lo can”.

E Estreliña poñíase queda, toda a cara en lume, a sorrir.

E dicíalle a irmá casadeira: “Vai á escola, Estreliña”. E Estreliña collía o catón e moi dereita e leda íase camiño da escola.

E así sempre.

E cando a vían os outros picariños berraban xa de lonxe: ¡Estreliña! ¡Estreliña!

E alá ía Estreliña a correr, depenicando un cornecho, e dáballes un anaco e xogaban ás moradas.

E ás veces, moi cedo, pasaba por baixo da súa fiestra un neno, e dicía: “¡Estreliña!

E a cara de Estreliña, a sorrir tan campante, aparecía na fiestra un intre. Un intre nada máis. E o neno íase a correr e a rir, coma se fixese unha trasnada.

E así sempre.

E un día Estreliña morreu. Estaba no cadaleito bonita coma sempre, e tan campante.

E a nai, e a irmá casadeira, atrás do cadaleito, choraban e lembraban as cousas miúdas das que a miúda Estreliña facía tódolos días.

E a nai case que non dicían nada.

Só dicía por veces, medindo e apoiando o pranto da filla casadeira:

*—Estreliña, vai á fonte. Estreliña, vai á horta. Estreliña, vai á escola... ¡Estreliña onte!
¡Estreliña hoxe! ¡Estreliña mañá*

Rafael Dieste
Dos arquivos do trasno (1926)

A BAÑEIRA I O DEMO

5

Isto pasou fai agora un ano no reame de Nápoles, nunha quinta que chaman Pratto Nuovo, e que é dunha nipota do Grande Inquisidor, e nista historia vése que nin as grandezas cristiás se libran do malino. Paríu ista señora nipota, que se chamaba dona Eleonora, un meniño, e fórono bañar naquela bañeira de cristal, que a estrenaban tal día. E non ben botaron o picariño á iauga, desfíxose nela coma se fora de sal ou de azucre. Todo foi un gran berro de pasmo na quinta, e ninguén daba créto ao conto pro o feito era o feito, i o neniño desaparecera. Houbo que botar aquela auga no camposanto, i ao botellón en que iba fixéronlle un enterro a oito, con música, responsos froleados i o Grande Inquisidor de capa magna. Fai quince días paríu outra vez a nipota, e coma ao neniño había que bañalo, volveron poñer a bañeira de cristal, que é unha obra antiga de moito apunte, na cámara da parida, i estaba o Grande Inquisidor presente, e tamén o exorcista de Palermo, que é quen lles quita o demo do corpo aos Borbóns de Nápoles cando fai falla, que é casi sempre por anos bisestos, e tamén estaba todo o protomedicato das Dúas Sicilias, e xa iban bañar o cativo, cando se lle pasou á nai polo maxín que tiña o seu señor tío que benzoar a bañeira, e inda o Grande Inquisidor non dixerá «In nomine Patris», xa se quebrara a bañeira en mil anacos, e saíra dela un grande cheiro a solfo, i o exorcista de Palermo co puño curvo do seu paraugas tivo tempo de coller polo pescozo ao demo que fuxía, pro iste puido esgüirse e perderse pola chimenea. Sóupose que a bañeira fora mercada nunha abadía mui notada de monxas, que chaman Fossano, e que era a bañeira que tiñan as abadesas para bañarse por Pascoa e por San Martiño, i as monxas por San Pedro, e que non era tal bañeira, senón un demo que se trocara nela por ver, ao seu tempo, ás señoras monxas en coiros.

Álvaro Cunqueiro Mora, Merlín e familia (1955)

6

OS LOBOS

Moitas veces ouvín dicir que os lobos non atacan as persoas. E isto non é certo. O secretario de Caldas foi comido por eles cando volvía da feira de Viana. Algúns dixeron que o mataran por roubalo, e que despois o comeran os lobos: mais a douscentos metros de onde o comeran foi atopado un lobo morto coa gorxa furada por unha bala.

Aqueles días viran os pastores unha manda de dez cunha loba e tres lobecos. Era tempo de neve, e baixaban da Serra da Moá. Ao parecer, despois de esgotados os cartuchos, quixo subir a unha árbore mais non puido. Alí estaba, ao seu carón, o revólver con seis cartuchos baleiros no bombo. Era un bo revólver americano. Ao sentirse feridos algúns lobos todos se botaron enriba del. Se tivera un bo foco eléctrico quizais se salvara. Ao lobo se non se lle fere de morte é peor. Eu matei un con dous tiros de postas. Foi morrer tres cantos máis aló de onde o asegundara. Atínaralle na testa e no fuciño, e ía deixando un regueiro de sangue. Arrincaba cos dentes os cañotos das xestas. Quizais non se me arrepuxo porque era de día.

De noite médralles o corazón e son moi valentes. Non riades. Tamén lles pasa iso aos lobicáns. [...]

Sabedes cando se atreven os lobos cos homes? Cando teñen moita fame, ou cando se decatan de que lles teñen medo.

Ánxel Fole, Á lus do candil (1952)
(adaptación)

7

O COMENZO DAS COUSAS

—¿Como, señor? Non me aparto do conto nin un instante... Estou a decir as cousas polo seu comezo, que unhas viñeron das outras e sin unhas non houberan pasado as outras tampouco.

—¡Que han de ser disculpas! Eu non teño ren de que me disculpar que eu nada fixen, pois a ollar as cousas que pasan diante dun non é culpa dun, por máis que llas apoñan ou que llas queiran apoñer.

—¿Feitos? Feitos sonlle todos, tanto os que pasan fóra dun coma os que pasan dentro dun. O que pasou, pasou. E arestora xa ren queda do que pasou fóra dun, senón dentro dun. Agora todo está dentro de min, e si non me peta de me baleirar do que teño dentro, pois o que pasou queda como si non tivera pasado.

—¡Deus lle me libre! Téñolle todo o respecto que vostede merez. Pro tamén teño que decir as cousas como sei decilas e non podo decilas de outro xeito, por máis voltas que lle dea. A máis deso, os feitos, como vostede me enséña, por máis que faga non veñen a mamoria uns detrás doutros, todos en fía, senón todos xuntos e mesturados, coma si o tempo se mesturase tamén e todas as horas se tivesen mesturado sen se querere asoparar unhas das outras. Ó que foi de día, se me poño a matinar, aínda podo conquerirlle certa disposición.

Pro o que pasou á noite... a noite está ateigada de cousas, todas tan xuntas que mesmo me somella que non puido habere tempo para tanto, coma si foran moitas noites xuntas, unhas a cabo de outras, unha noite moi longa, sen día no entremeio; ou como cousas desaceitadas, sen antes nen dempois, que nin eu mesmo me entendo... a máis diso, tiven moitas vegadas o “pensamento”, que me veu moi seguido, e daquela é coma si me ceibasen do tempo e de todo, coma si estivese e non estivese...

Conque indo ó caso, a tía Esquilacha, como cheirou que había cartos, fíxonos unha boa tortilla de patacas, chourizos e cebola, e tamén uns pementos fritos, que comimos na cociña, ó pé do lume, onde os arrieiros estaban a asar castañas novas que traguían nunha saqueta.

Eduardo Blanco Amor
A esmorga (1955)